



Máster en Servizos Culturais

Traballo de
fin de máster

Aportes da disciplina de conservación
restauración en museos: do plan de conservación
preventiva ás actividades didácticas.

Aplicación *na Domus do Mitreo*, Lugo

Lucía Espiño López

Xullo de 2022



Máster en Servizos Culturais

Traballo de
fin de máster

Aportes da disciplina de conservación
restauración en museos: do plan de conservación
preventiva ás actividades didácticas.

Aplicación na *Domus do Mitreo*, Lugo


Lucía Espiño López

Xullo de 2022

Folla de autorización

Traballo fin de máster presentado na Facultade de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela por Lucía Espiño López, como requisito para obter o título de Máster Oficial Servizos Culturais e que conta coa autorización e dirección de Dna. María Dolores Dopico Caínzos, para a súa presentación e defensa.

DOPICO
CAINZOS MARIA
DOLORES -
32450122C



Firmado digitalmente
por DOPICO CAINZOS
MARIA DOLORES -
32450122C
Fecha: 2022.07.24
20:59:23 +02'00'

Resumo

Resumo: Dende este traballo queremos resaltar a versatilidade da figura profesional do conservador-restaurador no ámbito museístico, dado o valor das súas achegas en distintos departamentos, e dentro de equipos de traballo multidisciplinares.

En primeiro lugar, na vertente técnica, o papel dos restauradores é fundamental no coidado dos bens culturais e na redacción e implantación do necesario Plan de Conservación Preventiva. Esta ferramenta de traballo segue unha metodoloxía para identificar os factores de deterioro para as coleccións e edificios, e propón un método sistemático para o control dos riscos. Realizamos unha avaliación preliminar da *Domus do Mitreo*, os bens expostos, asignaremos significancias, estudiaremos as condicións climáticas e outros parámetros, para así elaborar un Plan que sirva de base para establecer un protocolo que garanta a conservación a longo prazo dos bens nas mellores condicións.

Mesmamente, os restauradores a miúdo colaboran con outros departamentos nunha dimensión máis didáctica e social, con aportacións na área de difusión, programando e realizando obradoiros. Neste eido, o coñecemento das técnicas artísticas, os procesos tecnolóxicos, e a experiencia con materias plásticas son de gran utilidade. Deste xeito, tamén as actividades inclúen outra dimensión, ao incorporar de forma implícita a conservación dos bens e o respecto polos mesmos, e facéndose unha forte aposta pola educación patrimonial.

Neste traballo faremos unha proposta de programación anual, tendo en conta non só ao público escolar ou familiar, senón tamén o público xove e adulto.

Índice

Resumo	2
Índice	3
Índice de figuras	5
Introdución	8
1 O panorama cultural en Lugo	9
1.1 O Patrimonio Cultural en Lugo	9
1.2 Os espazos museísticos de Lugo	10
1.2.1. Centros de xestión municipal.....	10
1.2.2. Museo Catedralicio.....	13
1.2.3 Museo Provincial de Lugo	13
1.2.4. Espazos fóra da cidade	14
1.2.5. Conclusión dos espazos na cidade	14
1.3 A Domus do Mitreo	15
2 A conservación preventiva	15
2.1 Definición	15
2.2 Metodoloxía de traballo.....	18
2.3 O Plan de Conservación Preventiva	19
2.4 Fases do Plan de Conservación Preventiva	19
3 O plan preventivo na <i>Domus do Museo</i>	20
3.1 O contexto na Domus do Mitreo	20
3.1.1. Institución.....	20
3.1.2. Análise do medio.....	21
3.1.3. Descrición da Domus do Mitreo.....	22
3.1.4. Pezas destacadas.....	25
3.1.5. Ubicación.....	27
3.1.6. O clima en Lugo	28
3.1.7. Contaminantes	31

3.1.8. O clima interno.....	32
3.1.9. Contexto demográfico.....	33
3.1.10. Lugo como destino turístico	34
3.1.10.Datos visitantes da <i>Domus do Mitreo</i>	34
3.2 Análise do ben cultural.....	35
3.2.1. O inventario dos bens no PCP	35
3.2.2. Análise do funcionamento da institución e os seus recursos.....	36
3.3 Análise dos riscos	38
3.4 Valoración dos riscos e definicións das prioridades de actuación.....	43
3.5 Deseño de Protocolos	43
3.6 Últimas fases do plan: implantación e verificación.....	49
4 Actividades didácticas	50
4.1 Introducción	50
4.2 Programación para a DOMUS DO MITREO	52
5 Orzamento	54
6 Conclusión	55
7 Bibliografía.....	56
Anexo I	58
Anexo II	72

Índice de figuras

Imaxe/ gráfico	Fonte
Fig. 1	http://www.xn--espaescultura-tnb.es/es/destinos/lugo.html
Fig. 2	http://www.tonoarias.es/stock-photo/casa-de-los-mosaicos-lugo-14065.html
Fig. 3	https://viatorimperi.es/lugo/
Fig. 4	https://www.turismo.gal/recurso/-/detalle/31735/sala-de-exposicions-porta-mina-?langId=es_ES&tp=13&ctre=75
Fig. 5	https://www.turismo.gal/recurso/-/detalle/261366206/centro-de-interpretacion-da-muralla-de-lugo?langId=es_ES&tp=62&ctre=167
Fig. 6	https://galiciaxa.com/2021/06/lxa-es/zonas-lxa-es/lugo-lugoxa-es/98234/
Fig. 7	Web Museo provincial de Lugo
Fig. 8	https://www.elprogreso.es/articulo/lugo/el-lugo-romano-que-esta-a-la-vista/201912021138061410285.html
Fig. 9	https://catedraldelugo.es/la-catedral/museos
Fig. 10	Google Street View, Lugo.
Fig. 11	Web da <i>Domus do Mitreo</i>
Fig. 12	Web da <i>Domus do Mitreo</i>
Fig. 13	Lucía Espiño López
Fig. 14	Web da <i>Domus do Mitreo</i>
Fig. 15	Web da <i>Domus do Mitreo</i>
Fig. 16	Lucía Espiño López
Fig. 17	Web da <i>Domus do Mitreo</i>
Fig. 18	Web da <i>Domus do Mitreo</i>
Fig. 19	Lucía Espiño López
Fig. 20	Lucía Espiño López

Fig. 21	Catálogo da <i>Domus do Mitreo</i>
Fig. 22	Lucía Espiño López
Fig. 23	Google Maps, Lugo
Fig. 24	Google Maps, Lugo
Fig. 25	Gráfico de Meteogalicia
Fig. 26	Gráfico de Meteogalicia
Fig. 27	Gráfico de Meteogalicia
Fig. 28	Táboa de Meteogalicia
Fig. 29	Gráfico de Meteogalicia
Fig. 30	Lucía Espiño López
Fig. 31	Lucía Espiño López
Fig. 32	https://www.foro-ciudad.com/lugo/lugo/habitantes.html
Fig. 33 a 48	Lucía Espiño López
Fig. 49	RRSS da ESCRBCG
Fig. 50	RRSS da ESCRBCG
Fig. 51	RRSS da ESCRBCG
Fig. 52	https://www.blindabeep.com/diferencias-entre-circuitos-cerrados-alarmas/
Fig. 53	Lucía Espiño López
Fig. 54	Lucía Espiño López
Fig. 55	Web da <i>Domus do Mitreo</i>
Fig.56	https://www.edu.xunta.gal/centros/iesollosgrandes/?q=node/765
Fig. 57	Lucía Espiño López
Fig. 58	Dolores Dopico Caínzos
Fig. 59	Web da <i>Domus do Mitreo</i>

Fig. 60	https://weirditaly.com/2021/05/08/the-mithraeum-of-san-clemente-in-rome-an-underground-temple-devoted-to-mithras/
Fig. 61	https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/2022/06/07/lugo-recrea-primera-manifestacion-mujeres-historia/00031654615123020807958.htm
Fig. 62	https://www.eldiario.es/cultura/historia/livia-malvada-envenenar-diez-personas-marido-heroe-genocidios_1_8398783.html
Fig. 63	Catálogo da <i>Domus do Mitreo</i>
Fig. 64	https://www.pinterest.es/pin/525162006532652820/?mt=login
Fig. 65	Lucía Espiño López
Fig. 66	Google maps
Fig. 67	Catálogo da Domus do Mitreo.
Fig. 68	https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/carballo/2021/04/08/span-langgl-vida-diaria-dos-romanos-recorda-as-rutinas-dos-nenos-galegos-anos-60span/0003_202104C8C6991.htm
Fig. 69	https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/2020/09/17/domus-do-mitreo-lujosa-mansion-romana-controlaba-via-xix/00031600364065763429436.htm
Fig. 70	https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/2020/09/17/domus-do-mitreo-lujosa-mansion-romana-controlaba-via-xix/00031600364065763429436.htm
Fig. 71	https://es.wikipedia.org/wiki/lus_imaginum
Fig. 72	https://galiciapuebloapueblo.blogspot.com/2018/12/museo-provincial-lugo.html

Introdución

No presente traballo de fin de máster imos observar a transversalidade da conservación-restauración. É habitual entre o público en xeral, e incluso entre os traballadores de museos, a opinión de que os conservadores-restauradores dedícanse a “restaurar” os bens culturais. Pero é unha realidade que o seu traballo é moito máis complexo.

O seu papel é imprescindible dende o primeiro momento que se decide facer un centro museístico, xa que as súas aportacións a nivel técnico na museografía son claves. Ademais, son un dos perfís profesionais máis relevantes na redacción do Plan de Conservación Preventiva, que deberá elaborarse en cada museo como documento básico para velar pola axeitada conservación das obras.

No caso da *Domus do Mitreo*, a conservación aparece recollida no seu regulamento no artigo 2, que define como principais funcións da *Domus* a “*custodia e conservación do patrimonio da MDM*”. E tamén asigna no artigo 5, como función da dirección científica, “*adoptar as medidas necesarias para a súa conservación, custodia e divulgación*”. Evidénciase por tanto a relevancia do ámbito da conservación, como unha das funcións fundamentais do centro, por tanto consideramos este traballo unha achega pertinente ao estar aliñada cos obxectivos da institución.

Tamén no propio regulamento, no punto 3 recolle as tamén relevantes tarefas de difusión e didáctica das coleccións, que será o segundo tema de estudo deste traballo, e como vemos tamén acorde coas funcións da *Domus do Mitreo*.

O interese persoal por esta área de coñecemento é a necesidade de mellorar a instauración da metodoloxía de traballo da conservación preventiva, motivaron que elixise como tema para o TFM realizar as bases para desenvolver un plan de conservación preventiva, coa fortuna de contar cunha titora académica que me permitiu formulalo para o Museo Universitario da *Domus do Mitreo*, en Lugo.

Quero resaltar a miña gratitude á directora da *Domus do Mitreo* e titora académica Dña. Dolores Dopico Caínzos, pola xenerosidade de abrir as portas da *Domus* para permitir realizar este traballo. É un acto de valentía, xa que a miúdo os centros non son partidarios de amosar os pormenores, e non queren que as súas áreas de mellora sexan sinaladas. Sen embargo, o correcto é asumir que é mellor preguntarse que aspectos se poden corrixir, para así identificalos e ser consciente dos riscos e ameazas para a colección. E a maiores, agradecer toda a titoría, o seguimento continuado, as aportacións e documentación proporcionadas.

1. O panorama cultural en Lugo

1.1. O patrimonio cultural en Lugo

Lucus Augusti é unha cidade hai máis de dous mil anos, que alberga unha excepcional riqueza patrimonial. É unha cidade culturalmente moi viva e dinámica, cunha oferta variada e ampla, e que inclúe o atractivo medioambiental de estar dentro da Reserva da Biosfera “Terras do Miño”.

Temos que destacar a singularidade de que a cidade de Lugo conta con tres bens declarados Patrimonio da Humanidade pola UNESCO:

Un deles é O Camiño Primitivo a Santiago. Un dos variados camiños históricos que circulan por Lugo, coma tamén o fan a Vía Rexia do Norte, a Vía XIX ou a Vía Künig. O segundo ben declarado Patrimonio da Humanidade é a Catedral de Lugo. E por último o ben máis recoñecido polo público en xeral, a Muralla Romana de Lugo, que é a única do mundo que mantén todo o seu perímetro.

Para o público, tanto para os usuarios locais coma para os visitantes, a cidade amosa un rico legado histórico, e especificamente arqueolóxico, que ofrece múltiples posibilidades para a cidadanía.



Fig. 1. <http://www.xn--espaacultura-tnb.es/es/destinos/lugo.html>

1.2. Os espazos museísticos en Lugo

A cidade de Lugo alberga numerosos museos e centros culturais, que son o reflexo do importante legado cultural presente na cidade. Observamos unha tendencia por parte das administracións públicas de democratizar o coñecemento, e promover o acceso e difusión da información entre as persoas, tanto as visitantes como as locais.

Deste xeito, existe un interese da cidadanía cada vez maior pola cultura, xa que pese á abundante oferta de centros culturais, segundo os datos que publican ditos centros, as estatísticas de visitantes amosan unha boa afluencia de públicos a estes espazos.

1.2.1. Centros de xestión municipal

En Lugo un número elevado de espazos culturais son de xestión municipal. É o caso das cinco sedes que imos a citar a continuación

A casa dos Mosaicos

Trátase dunha *Domus* ou espazo doméstico señorial. Esta antiga residencia romana destaca polos seus mosaicos, singularmente bos e ben conservados, sendo un dos máis excepcionais aquel no que se pode ver a cabeza do *Deus Océano*.

Neste centro podemos observar parte das dependencias da casa, o *oecus*, o *triclinium*, restos do patio interior porticado, e decoracións de luxo como pinturas murais.



Fig 2. Casa dos mosaicos <http://www.tonoarias.es/stock-photo/casa-de-los-mosaicos-lugo-14065.html> Fig. 3. Centro arqueolóxico de San Roque. <https://viatorimperi.es/lugo/>

Centro arqueolóxico de San Roque

Situado cerca da Muralla Romana, é un museo de sitio arqueolóxico que conserva os restos dun cemiterio romano, un estanque cultural e un forno cerámico. Ademais este conxunto relaciónase co paso da vía romana XIX.

Consérvanse dúas tumbas que formaban parte dunha necrópole de grandes dimensións, que se empregou durante polo menos 500 anos. Cerca do espazo dedicado tanto a ritos de incineración, como de inhumación, construíuse un estanque de auga en formigón romano, que se pode vincular co culto funerario. A maiores podemos admirar un forno para a fabricación de material cerámico, que da conta do uso industrial ao que se dedicou esta zona xa no século V d.C.

Centro de interpretación da muralla

O Centro de Interpretación da Muralla explica a historia e transcendencia urbana do monumento romano na cidade de Lugo ao longo da historia. O espazo situouse nun pazo do século XVIII, no casco histórico, en conta con catro pisos centrados nos diferentes momentos da muralla (antigüidade, Idade Media, Moderna). Fai uso de recursos didácticos tales coma audiovisuais e pantallas táctiles.

Sala de Exposicións Porta Miñá

Localízase no que fora un inmobile empregado como matadoiro, actualmente rehabilitado, fronte a porta da que toma o nome. Aquí podemos contemplar unha exposición estable sobre o Lugo Romano. O percorrido divídese en catro segmentos, atendendo as orixes, época dourada, fortificación e declive. O espectador pode contemplar obxectos reais e tamén dispositivos gráficos de apoio á didáctica.




Fig. 4. Interior da Sala da Porta Miñá. Fonte da imaxe: https://www.turismo.gal/recurso/-/detalle/31735/sala-de-exposicions-porta-mina-?langId=es_ES&tp=13&ctre=75

Fig. 5. Interior das salas do Centro de Interpretación da Muralla de Lugo. Fonte da imaxe: https://www.turismo.gal/recurso/-/detalle/261366206/centro-de-interpretacion-da-muralla-de-lugo?langId=es_ES&tp=62&ctre=167

MIHL

Está situado nun edificio que chama a atención pola súa contemporánea arquitectura, lixeiramente soterrada. Contén unha exposición permanente que recorre a evolución da cidade de Lugo, con medios audiovisuais, maquetas interactivas e textos informativos. Tamén expón pezas arqueolóxicas, entre as que destaca un monólito cunha das tres inscricións que Paulo Fabio Máximo dedicou ao emperador Augusto en nesta cidade. Alí poderemos ver materiais coma un conxunto de pezas epigráficas, cerámicas, e unha máscara teatral de terracota.



Fig. 6. MIHL. Fonte da imaxe: <https://galiciaxa.com/2021/06/lxa-es/zonas-lxa-es/lugo-lugoxa-es/98234/>



Fig. 7. Museo provincial de Lugo, imaxe procedente da súa web.

Fiestras arqueolóxicas en Lugo

Nas rúas da cidade de Lugo, e dependentes do Concello, podemos ver varias fiestras arqueolóxicas, realizadas en vidros que nos permiten ver pequenos fragmentos de xacementos baixo as beirarrúas.



Isto posibilita promover a conciencia de cidade construída sobre un pasado histórico moi relevante, pero sen embargo a nivel técnico continúaase investigando nas súas melloras.

Fig 8. Fiestras arqueolóxicas en Lugo. ¹

1

<https://www.elprogreso.es/articulo/lugo/el-lugo-romano-que-esta-a-la-vista/201912021138061410285.html>

1.2.2. Museo provincial de Lugo

Fundouse no ano 1932 pola Deputación de Lugo, para agrupar e conservar bens patrimoniais da provincia, tanto de coleccións particulares como de institucións. Dende o ano 1957 sitúase no edificio actual, formado polas construcións do antigo convento de San Francisco e un novo edificio do arquitecto Manuel Gómez Román, que sería posteriormente ampliado. A día de hoxe o Museo Provincial intégrase dentro da Rede Museística Provincial, xunto con Museo-Fortaleza San Paio de Narla, o Pazo de Tor, e o Museo Provincial do Mar.

No concerninte ás coleccións, no primeiro andar observamos a colección de mosaicos do século III descubertos nun solar da rúa Armañá de Lugo; o conxunto de arte sacra, no que é relevante unha imaxe do Salvador en pedra procedente de San Pedro de Fiz de Muxa (Lugo), e unha completa exhibición de imaxinería gótica manierista e barroca, complementada con obxectos de artes decorativas ou cultuais. Adoita chamar o interese dos visitantes a cociña do convento desta planta, ricamente amosada con bens materiais, ao lado do refectorio do convento. Se nos interesan as sala de Prehistoria e Arqueoloxía acudiremos ao espazo superior do claustro, onde poderemos facer un percorrido dende o Paleolítico ata o final da Romanización, e ver obxectos de cerámica, vidro, así como numismática.

A segunda planta está protagonizada pola arte galega, a pintura e escultura dos séculos XIX e XX, con nomes tan relevantes Julia Minguillón, Corredoira, ou a cerámica de Sargadelos.

Na primeira planta do novo edificio de ampliación, poderemos ver gravado galego coas salas monográficas de Castelao, e a colección de lucernas.

1.2.3. Museo Catedralicio de Lugo

Foi inaugurado en 1918, polo que é un dos primeiro museos galegos. Está situado dende 1995 na Catedral de Lugo, e as súas coleccións posibilitan percorrer e coñecer a súa fábrica, ao estar localizado nuns espazos singulares: o Claustro, a Sala Capitular e Antesala do Arquivo e o triforio catedralicio.



Fig. 9. Museo Catedralicio de Lugo. Fonte da imaxe: <https://catedraldelugo.es/la-catedral/museos>

1.2.4. Espazos exteriores

Nesta pequena alusión aos espazos expositivos da cidade, non podíamos deixar de mencionar dous lugares que, se ben están fóra da cidade, teñen relación coa mesma e presentan gran relevancia. Ambos son espazos dependentes da Xunta.

Falamos de Santa Eulalia de Bóveda, ninfeo romano do século III, coñecido pola súa singularidade espacial e ricas pinturas murais. Consta dun espazo que estaría cuberto por unha bóveda, de planta cadrada, e piscina central, no que destacan as columnas e os motivos representados polo seu naturalismo.

E o segundo sería o Castro de Viladonga, sito en Castro de Rei. É un dos poboados fortificados máis senlleiros de Galicia, cun museo de sitio e unha actividade investigadora e didáctica que o fan un referente na cultura castrexa. O asentamento ten a forma típica circular, e destaca polas varias murallas e foxos. Na parte central están a maioría das construcións, con vivendas, currais e almacéns, organizadas en barrios, ao redor de dúas rúas principais, ademais da rolda paralela á muralla.

1.2.5. Conclusión dos espazos na cidade

A valoración da oferta museística da cidade de Lugo é moi boa. Lugo pon á disposición dos visitantes unha ampla variedade de centros e opcións para visitar. Tamén queremos facer mención expresa a festa de recreación histórica coñecida como o *Arde Lucus*, xa que consegue atraer cada ano a multitude de visitantes, e promove a difusión de contidos relacionados co pasado histórico e a arqueoloxía.

Un dos puntos máis favorables é que se trata dunha cidade/museo a ceo aberto. Un enclave monumental marcado pola presenza da emblemática muralla romana. Outro punto óptimo é que ese pasado histórico pódese interpretar coa axuda de varios centros museísticos locais. Coido que un punto positivo é que estes espazos son centros centrados cada un nunha temática.

Isto permite dosificar e especializar a información que se ofrece ao visitante, sen sobrecargalo e dando opción a centrarse nalgún aspecto do Lugo romano en cada visita, o cal mellora a asimilación de conceptos por parte da cidadanía.

Sen embargo, un punto negativo é que dependen de diferentes institucións, o cal dificulta homoxeneizar horarios, ou establecer actividades conxuntas. Así a oferta tan dispersa de centros pode resultar demasiado complexa para os novos visitantes.

1.3. A *Domus do Mitreo*

A *Domus do Mitreo* pertence á Universidade de Santiago. Trátase dun museo de sitio, ao albergar un xacemento arqueolóxico que inclúe unha *Domus* romana, na que podemos ver as distintas estancias domésticas, e os elementos asociados ás vivendas de luxo como o sistema de calefacción ou as pinturas murais. É a destacar que alberga un templo na honra do deus Mitra, e conserva *in situ* unha ara con inscrición epigráfica, así coma outros elementos da nave do templo. No primeiro piso do Museo, podemos contemplar unha exposición estable cos achádegos das escavacións do piso soterrado. O centro ofrece visitas guiadas, actividades especiais no verán e no nadal, e conta cun salón de actos, A casa do saber, no que se organizan eventos. É o obxecto deste traballo, e o describiremos con detalle nos seguintes capítulos.

2. A conservación preventiva

Neste primeiro apartado imos a facer unha valoración inicial da situación da disciplina coñecida como “Conservación preventiva” nos museos nos últimos anos. Comezaremos por definir o concepto, e despois estudaremos como levala á práctica na *Domus do Museo*.

2.1. Definición

No 2008, na conferencia trienal do ICOM en Nova Delhi, asignáronse definicións para os termos conservación preventiva, conservación curativa e restauración.

As definicións dos termos son as seguintes:

Conservación – Todas aquelas medidas ou accións que teñan como obxectivo salvagarda do patrimonio cultural tanxible, asegurando a súa accesibilidade a xeracións presentes e futuras. A conservación comprende a conservación preventiva, a conservación curativa e a restauración. Todas estas medidas e accións deberán respectar o significado e as propiedades físicas do ben cultural en cuestión.

- Conservación preventiva: aquelas medidas e accións que teñan como obxectivo evitar ou minimizar futuras deterioracións ou perdas. Realízanse sobre o contexto ou a área circundante ao ben, ou máis frecuentemente un grupo de

bens, sen ter en conta a súa idade ou condición. Estas medidas e accións son indirectas – non interfíren cos materiais e as estruturas dos bens. Non modifican a súa aparencia.

Algúns exemplos de conservación preventiva inclúen as medidas e accións necesarias para o rexistro, almacenamento, manipulación, embalaxe e transporte, control das condicións ambientais (luz, humidade, contaminación atmosférica e insectos), planificación de emerxencia, educación do persoal, sensibilización do público, aprobación legal.

- Conservación curativa: todas aquelas accións aplicadas de maneira directa sobre un ben ou un grupo de bens culturais que teñan como obxectivo deter os procesos danosos presentes ou reforzar a súa estrutura. Estas accións só se realizan cando os bens atópanse nun estado de fragilidade notable ou se están deteriorando a un ritmo elevado, polo que poderían perderse nun tempo relativamente breve. Estas accións ás veces modifican o aspecto dos bens.
- Restauración: todas aquelas accións aplicadas de maneira directa a un ben individual e estable, que teñan como obxectivo facilitar a súa apreciación, comprensión e uso. Estas accións só se realizan cando o ben perdeu unha parte do seu significado ou función a través dunha alteración ou unha deterioración pasados. Baséanse no respecto do material orixinal

O IPCE² (Instituto del Patrimonio Cultural de España) é a institución nacional de referencia na disciplina da conservación preventiva. Nos documentos e guías que publicou durante a última década, propón a seguinte definición:

A conservación preventiva é unha estratexia de identificación, detección e control dos factores de deterioración dos bens culturais, co fin de minimizar os seus efectos nos mesmos. Consiste nunha actuación continuada na contorna dos bens para evitar, na medida do posible, a intervención directa sobre os mesmos³.

Para ser coherentes coa metodoloxía de traballo que describe o IPCE na súa definición, podemos empregar no desenvolvemento dos traballos as normas estandarizadas que tratan sobre a conservación preventiva, por exemplo os seguintes tres documentos:

² <https://ipce.culturaydeporte.gob.es/inicio.html>

³ <https://www.culturaydeporte.gob.es/planes-nacionales/planes-nacionales/conservacion-preventiva/definicion.html>

- Norma UNE-EN 15898:2020 ⁴.
- 7.195/ Obxectos de arte e produtos artesanais. Propiedade e patrimonio cultural
- CTN: CTN 41/ SC 8 - Conservación, restauración e rehabilitación de edificios

Lexislación.

Se atendemos aos textos legais, a conservación preventiva aínda non está completamente estendida. Prevalecen os conceptos de conservación, que aparece mesmo na constitución coma un deber do Estado. Isto tamén se reflicte na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, que no Artigo Primeiro aclara:

1. Son obxecto da presente Lei a protección, acrecentamento e transmisión ás xeracións futuras do Patrimonio Histórico Español.

A Lei 7/2021, de 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia si recolle a terminoloxía conservación preventiva, en numerosos puntos, solicitando que os centros apliquen medidas, e especificando o seguinte no artigo 34:

Os bens custodiados nun centro museístico deberán estar instalados en condicións ambientais adecuadas e dispor de elementos de control suficientes para garantir a súa conservación fronte a posibles causas de deterioración, así como aplicar estratexias e intervencións de conservación preventiva para crear ou manter as condicións adecuado para preservar os seus fondos, sen intervir directamente na súa natureza material

Tamén a LEI 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, no artigo 40, cita como modelo de intervención o “mantemento”, cuxa descrición podería identificarse coa conservación preventiva:

c) Mantemento: actividades cotiás, continuas ou periódicas de escasa complexidade técnica sobre o soporte material dos bens ou o seu ámbito próximo para que manteñan as súas características, funcionalidade e lonxevidade, sen que se produza ningunha substitución ou introdución de novos elementos. Procedementos e actuacións de monitorización que teñan por obxecto realizar o seguimento e medición das lesións, dos axentes de deterioración ou dos posibles factores de risco, e os dirixidos a implantar e desenvolver accións de conservación preventiva.

⁴ <https://www.une.org/encuentra-tu-norma/busca-tu-norma/norma/?c=norma-une-en-15898-2020-n0064615>

As Cartas internacionais, a pesares de incluír os conceptos da prevención, ao non ter carácter vinculante, non sempre se cumpren. Pero grazas ás recentes normativas no contexto galego, esperamos ver pronto cambios na práctica. En canto aos grupos actuais de traballo, o ICOM-CC creou no 2002 un grupo de traballo de conservación preventiva aglutinando tarefas antes dispersas. No último programa, os temas de investigación son: a sustentabilidade, a eficiencia, a comunicación con grupos de interese e a innovación tecnolóxica.

2.2. Metodoloxía de traballo

O “Plan de Conservación Preventiva” de cada centro é a principal ferramenta de traballo. A súa redacción realízase ao longo de varios meses, implica a todo o equipo do centro, e para elaboralo téñense en conta multitude de aspectos.

Débese comezar por avaliar o entorno, o edificio, os dispositivos de almacenamento/exposición e finalmente os bens culturais. Detectaranse as alteracións, identificaranse aos axentes que as provocan, e deste modo procederase a realizar un protocolo para a medición e control destes axentes.

No caso da *Domus do Mitreo*, acudín coa axuda dun arquitecto especializado en rehabilitación patrimonial (Luis Fernández Fernández) para que me axudase a realizar a valoración do inmovible, ao cal agradezo a súa colaboración. Temos sempre que procurar traballar en interdisciplinidade e contar con profesionais especializados en cada ámbito.

Estamos ante un cambio no xeito de afrontar a conservación das nosas coleccións. É certo que xa dende os anos 90, a bibliografía internacional comezou a elaborar manuais nos que toma coma base a prevención e o control dos axentes de deterioro. Dentro destas institucións destaca especialmente o ICC (Instituto Canadiense de Conservación).

Pese a relevancia do PCP, na práctica un porcentaxe inferior ao 2% dos Museos conta cun documento elaborado e implantado. Por este motivo considero necesario dedicar esforzos a divulgar esta ferramenta, e centrarme en traballar con ela.

2.3. O plan de conservación preventiva

A elaboración e implantación do PCP é un traballo en equipo que implica a todos os traballadores da institución. A elaboración e aplicación do PCP deberá coordinalo a dirección da institución, cos asesoramentos externos que sexan necesarios. Para as institucións modestas, unha opción é solicitar a colaboración externa e asesoramento.

O seguimento e control dos riscos de deterioración do ben cultural, non resulta eficiente instaurando illada de medidas puntuais como, por exemplo, a toma de medicións das condicións medioambientais, a limpeza do interior dunha vitrina...Estas cuestións xa se realizan na maioría das institucións, e non son suficientes á hora de evitar alteracións importantes. A situación empeora se valoramos os riscos catastróficos. Estas tarefas non pode realizalas illadamente un técnico, senón que implican a participación de diferentes persoas ou departamentos da institución, entre os que estará o persoal administrativo, conservadores, investigadores, persoal de mantemento, persoal de seguridade, persoal de didáctica e difusión, persoal de atención ao público, etc.

A conservación preventiva é o aspecto de maior prioridade a nivel europeo en materia de conservación do patrimonio. Na Reunión de Vantaa⁵ do ano 2000, auspiciada polo ICCROM (International Centre for the Study of the Conservation and Restoration of Cultural Property), sentáronse as bases para unha estratexia común europea en materia de conservación do Patrimonio Cultural. Respecto a Conservación Preventiva en museos identificáronse os seguintes puntos estratéxicos e liñas de acción: liderazgo, planificación institucional, formación, acceso á información e resaltaron igualmente o papel do público.

2.4. Fases do plan de conservación preventiva

As diferentes aproximacións que tratan de sistematizar un método de traballo para aplicar unha estratexia de conservación preventiva adoitan estar baseadas nun esquema como o proposto pola norma ISO 31000 “Xestión de Riscos”.⁶ Como base para a elaboración da estrutura desta proposta, tomamos a Guía para a elaboración de Plans de Conservación Preventiva do IPCE⁷, o Póster para a Xestións das Coleccións do

⁵ <https://ge-iic.com/files/grupoconservacionpre/RESOLUCIONDEVANTA.pdf>

⁶ <https://www.sertifikasyon.net/gl/detay/iso-31000-kurumsal-risk-yonetim-sistemi-faydalari-nelerdir/>

⁷ <http://www.investigacionenconservacion.es/index.php/2809-guia-para-la-elaboracion-e-implantacion-de-planes-de-conservacion-preventiva>

Instituto Canadense de Conservación⁸, e os materiais proporcionados durante o Curso para a elaboración de Plans de Conservación Preventiva. Ademais observamos o propio regulamento da USC relativo á *Domus*, e tivemos en conta o marco legal propio de Galicia.

Os aspectos fundamentais abarcados son:

- Análise do contexto, é dicir, dos bens culturais, o seu medio ambiente, o seu estado de conservación e o uso e xestión que se fai dos mesmos.
- Análise dos riscos de deterioro, mediante a identificación e valoración dos mesmos, e a definición de prioridades respecto a accións urxentes para a súa eliminación ou para minimizalas.
- Deseño de métodos de seguimento e control dos riscos de deterioración, tendo en conta os recursos dispoñibles e os medios técnicos necesarios; así como a elaboración de procedementos de traballo sistemático, protocolos de mantemento e mecanismos de detección e resposta ante emerxencias.

Este método de traballo lévase á práctica en catro fases: establecemento do contexto, análise dos riscos, deseño e implantación de protocolos, e a verificación.

3. O PLAN PREVENTIVO DA *DOMUS DO MITREO*

3.1. O contexto na *Domus do Mitreo*

3.1.1. Institución

O primeiro aspecto a documentar é a identificación da institución. No caso da *DOMUS DO MITREO* é un Museo Universitario. Depende da Universidade de Santiago de Compostela. Desempeña labores de conservación, difusión e investigación, e custodia un xacemento *in situ*, ademais doutros bens mobles na exposición. A súa misión é contribuír á investigación, á difusión e fomento do coñecemento arqueolóxico na cidade. Tamén a dinamizar a vida cultural, e servir de espazo de ocio e socialización da

⁸ <http://canada.pch.gc.ca/fra/1444330943476/1447939164689>

cultura. Estas funcións están recollidas no Regulamento⁹, no que no artigo primeiro punto 1 xa se establece: “que con fins tamén docentes e de extensión cultural realizará catalogación, investigación, conservación, exhibición e divulgación do patrimonio do MDM”.

Vemos por tanto coma fins principais a investigación, conservación e divulgación do patrimonio, tarefas que coinciden coa temática do presente traballo.

3.1.2. Análise do medio.

Estudar o medio no que están localizados os bens culturais é imprescindible para coñecer como afecta ao seu estado de conservación. Os distintos factores que configuran este medio, xa sexan humanos, físicos, químicos, biolóxicos ou climáticos, forman un ambiente propio en cada caso, no que múltiples factores e elementos interaccionan, incluído o ben cultural que tamén forma parte do mesmo. *Na Domus do Mitreo*, estamos nun medio urbano cunhas características moi específicas.

Trátase dun xacemento arqueolóxico musealizado *in situ* no corazón da cidade de Lugo. É un espazo complexo, no que temos que atender por unha banda ao propio xacemento coma medio, e por outra ao lugar no que se sitúa, o Vicerreitorado da Universidade de USC no Campus de Lugo, sito no Pazo de Montenegro. Na páxina de internet da propia *Domus* ofrecen unha información completa sobre o xacemento.

10



Fig.
10.
Vista
xeral
do

emprazamento da *Domus do Mitreo* e o Pazo de Montenegro, na Praza Pío XII, e ao carón da muralla.

⁹<https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/descargas/documentos/Regulament-o-de-Rexime-interno-do-Museo-Domus-do-Mitreo-Texto-consolidado.pdf>

¹⁰ Fonte da Imaxe: *Google street view*


3.1.3. Descrición da *Domus do Mitreo*

A Universidade de Santiago de Compostela escolleu o Pazo de Montenegro como sede para a Vicerreitoría do Campus de Lugo. Este ben inmoble patrimonial localízase preto da Catedral de Sta. María e da Muralla romana, nunha das súas portas principais.

Antes da realización das obras, no preceptivo control arqueolóxico previo, documentáronse restos romanos que fixeron cambiar o traballo proxectado. Os achádegos motivaron que se realizasen varias campañas arqueolóxicas, que sacaron a luz os restos dunha *domus* romana, tamén os vestixios dun lugar de culto dedicado ao Deus Mitra, e que permitiron desvelar os cimentos da muralla romana.

Falamos de construcións altoimperiais, observando una reestruturación da casa no s. III d.C. para adaptarse a Mitreo. Ademais, a finais dese período, levantárase a muralla o que propiciará a destrución parcial da *Domus*. Sen embargo o templo non se alterará, e seguirá en uso no seu emprazamento na primeira planta, ocupando unha área de pequenas dimensións, cunha nave central con pilastras laterais. Consérvase unha peza excepcional, unha ara coa seguinte inscrición epigráfica: ¹¹

“Ao invicto Mitra, Gaius Victorius Victorinus, centurión da Lexión VII Gemina Antoniniana Pía Feliz, en honra da statio de Lucus Augusti e dos Victorios Secundus e Victor, os seus libertos. Colocou esta ara de bo grao”



O texto menciona á divindade, ao dono da vivenda, centurión da *statio*, e a de dous dos seus libertos. A peza pode contemplarse *in situ*.

O Museo da *domus* é un lugar privilexiado para contemplar a muralla romana, pois é o único punto que permite observa-la ata os cimentos.

Na páxina de internet da *Domus* faise referencia aos espazos expositivos, e a pezas destacadas. No concerninte aos espazos expositivos, no espazo subterráneo podemos contemplar os restos da *Domus* e o *Mitreo*.

Da vivenda de luxo, son a destacar as pinturas murais con representacións vexetais, os restos do patio, salón, muiño e cociña, o sistema de eu sistema hídrico ou o de protección contra a humidade. No templo, cobran relevancia as columnas que definen a nave, a ara e o lugar circundante.

¹¹ Fig 11. Ara con inscrición. Fonte da imaxe: *Domus do Mitreo*

Planimetría e imaxes do andar soterrado. Aquí atópase o xacemento musealizado, así como varias vitrinas con obxectos, e dispositivos de apoio á didáctica, como mesas táctiles, xogos interactivos, audiovisuais para explicar os espazos, paneis informativos...



Fig. 12. Plano que se pode observar na páxina web da *Domus do Mitreo* e que define os diferentes espazos do xacemento.



Fig 13. Imaxe xeral do *Mitreo*

Planimetría e imaxes do primeiro andar, inaugurado posteriormente ao espazo inferior, proporcionados pola directora da *Domus*, Dolores Dopico Caínzos, onde se atopa parte da exposición estable. Aquí pódense ver varias vitrinas con obxectos arqueolóxicos da *Domus* como complemento á visita, para ofrecer unha información completa ao visitante. Organizada en tres bloques, podemos materiais procedentes da escavación, ademais de obxectos vinculados ao Pazo de Montenegro. Hai tamén unha pequena zona para exposicións temporais.




Fig. 14. Planimetría do primeiro andar.



Fig. 15 e 16. Diferentes vistas da sala, onde teñen certo protagonismo as tumbas cos restos óseos atopados, as vitrinas cos diferentes materiais, e os elementos audiovisuais de apoio á didáctica das coleccións.

3.1.4. Pezas destacadas

A maiores do propio espazo do xacemento, podemos resaltar dentro do percorrido expositivo as seguintes pezas destacadas:

A colección de numismática: están representadas tanto moedas de época romana alto imperial.

Entalle de anel: Entalla de anel feito en cornalina de cor laranxa, que se engastaría nun anel. Na cara superior aparece unha Vitoria que guía unha biga.



Fig. 17 e 18. Imaxes de moedas e do entalle de anel. *Fonte: Domus do Mitreo*

Fichas de xogo: realizadas en material óseo, presentando unha forma hemisférica coa base plana. Podían empregarse para xogos precedentes dos tres en raia e damas.

Morteiro de mármore: é unha peza de uso ritual. Apareceu no *Mitreo* polo que empregaríase nos rituais. Ao estar realizado nun material de importación (mármore de Portugal), e polas decoracións de cunchas, é un obxecto de gran interese.



Fig. 19 e 20. Fichas de taboleiro e morteiro

Outras pezas relevantes son as cerámicas, podendo contemplar no museo *terras sigilatas hispánicas*. E igualmente son de enorme interese as vitrinas dedicadas a metais e vidros.



Fig. 21- Fonte da imaxe da TSH, Domus do Mitreo. Fig. 22. Imaxe da vitrina de vidros.

Polo tanto, temos de xeito accesible información sobre a historia do lugar e o xacemento, que tamén se pode ampliar nas memorias da intervención e na tese do arqueólogo director dos traballos de escavación, Celso Rodríguez Cao dispoñible en Minerva. O título do traballo é: *La Domus del Mitreo (Lucus Augusti)*.¹²

En canto á historia da cidade, é moi interesante e relevante para o Museo, e xa foi analizada no primeiro capítulo, polo que simplemente repetiremos a total importancia das diferentes culturas que habitaron este lugar, e como a arqueoloxía nos permite coñecer o noso pasado.

¹² Dispoñible en: <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/24047>

3.1.5. Ubicación

Na análise do medio, é fundamental observar a ubicación do espazo a estudar.

A *Domus do Mitreo* está no centro dunha cidade urbana, Lugo, xusto enriba da Muralla Romana, e a carón da Catedral de Lugo. Está localizada ao lado da Praza Pío XII, 3, 27001, Lugo.

Nas inmediacións hai rúas con tráfico rodado, e pódese acceder facilmente en coche a poucos metros do lugar, como a pe. Ao redor da Muralla, pola Rolda da Muralla, circula o tráfico de xeito constante. Si que no perímetro interior da muralla é restrinxido.

A zona non representa unha superficie con elevado relevo nin próxima a leitos fluviais.






Fig. 23 e 24. Existen zonas verdes relativamente cerca, pero non nas inmediacións, polo que non supoñen unha ameaza a ter en conta. Fonte das imaxes: Google maps.

3.1.6. O clima en Lugo


O clima na cidade é o propio da zona continental interior de Galicia, para a altitude na que se atopa. É un lugar con veráns cortos, calorosos e secos, e invernos fríos, longos e húmidos. A climatoloxía presenta valores moi distantes, tanto inverno-verán, como noite-día, o cal afecta aos xacementos e ás coleccións. Sen embargo, tampouco a podemos clasificar como extrema, o cal é positivo para a institución ao requirir así menor inversión en medidas de control dos parámetros ambientais. Nas seguintes gráficas de clima consultadas en Meteogalicia podemos ver os datos ao detalle:¹³

Temperatura e humidade relativa. Son dous dos principais valores a observar, xa que son os detonantes da maioría dos procesos de alteración nos materiais que constitúen os bens culturais. A maior humidade, maiores son os danos, polo que normalmente non se aceptan condicións de humidade relativa superiores ao 60 %, especialmente se hai metais arqueolóxicos ou pinturas murais, como é o caso. E isto tendo en conta que estamos en Galicia e queremos dar unha cifra realista, senón a humidade relativa aceptable é aínda máis baixa.



¹³Fig.25.: <https://www.meteogalicia.gal/observacion/meteovisor/indexChartMes.action?idEstacion=10053&dataSeleccionada=22/05/2022>

Os niveis de chuvia inflúen na humidade, e se son moi elevados poden incluso provocar desperfectos se non se poden canalizar de forma axeitada, por eso necesitamos observar o histórico de chuvias. Vemos como en Lugo a pluviosidade é elevada, pero non torrencial.



En canto á irradiación, posto que no museo hai espazos con grandes fiestras deberemos valorar este parámetro, para determinar medidas de control.




Fig. 26 e 27: Meteogalicia

Táboa cos datos no último ano: ¹⁴

Período de 01/01/2022 a 23/05/2022

Temperatura	Altura	Máxima	Mínima	Media	Acumulado	Unidade
Temperatura do solo a -0.1m	-0.1 m.	17.0	7.8	11.3	--	°C
Temperatura media a 0.1m	0.1 m.	16.1	4.6	9.2	--	°C
Temperatura media a 1.5m	1.5 m.	15.6	5.5	9.6	--	°C
Temperatura máxima a 1.5m	1.5 m.	29.4	20.2	24.3	--	°C
Temperatura mínima a 1.5m	1.5 m.	4.4	-5.4	-1.5	--	°C
Temperatura media das máximas a 1.5m	1.5 m.	23.2	12.7	16.7	--	°C
Temperatura media das mínimas a 1.5m	1.5 m.	9.6	0.9	4.2	--	°C
Temperatura de orballo a 1.5m	1.5 m.	10.9	3.6	6.3	--	°C
Horas de frío (<=7°C)	1.5 m.	436.0	20.0	233.0	1166.0	h
Número de días de xeadas	1.5 m.	17.0	0.0	6.0	31.0	Días
Humidade Relativa	Altura	Máxima	Mínima	Media	Acumulado	Unidade
Humidade relativa media a 1.5m	1.5 m.	90.0	77.0	83.0	--	%
Humidade media das máximas a 1.5m	1.5 m.	100.0	99.0	99.6	--	%
Humidade media das mínimas a 1.5m	1.5 m.	62.0	45.0	52.2	--	%
Precipitación	Altura	Máxima	Mínima	Media	Acumulado	Unidade
Chuvia diaria máxima	1.5 m.	28.0	--	--	--	L/m2
Chuvia	1.5 m.	88.0	9.0	46.0	228.0	L/m2
Balance hídrico	1.5 m.	28.0	-82.0	-17.0	-84.0	L/m2
Número de días de chuvia (>0L/m2)	1.5 m.	17.0	4.0	10.0	48.0	Días
Número de días de chuvia (>1L/m2)	1.5 m.	11.0	2.0	7.0	34.0	Días
Número de días de chuvia (>10L/m2)	1.5 m.	3.0	0.0	1.0	6.0	Días
Número de días de chuvia (>30L/m2)	1.5 m.	0.0	0.0	0.0	0.0	Días
Número de días de chuvia (>60L/m2)	1.5 m.	0.0	0.0	0.0	0.0	Días
Vento	Altura	Máxima	Mínima	Media	Acumulado	Unidade
Velocidade do vento a 10m	10.0 m.	1.9	1.1	1.5	--	m/s
Refacho máximo a 10m	10.0 m.	17.8	13.1	14.7	--	m/s
Dirección do vento predominante a 10m	10.0 m.	0.0	0.0	0.0	--	°
Radiación Solar	Altura	Máxima	Mínima	Media	Acumulado	Unidade
Irradiación global mensual	1.5 m.	2170.0	667.0	1311.0	--	10kJ/(m2.día)
Horas de sol	1.5 m.	179.0	120.0	143.0	716.0	h
Insolación	1.5 m.	52.0	36.0	44.0	--	%
Presión	Altura	Máxima	Mínima	Media	Acumulado	Unidade
Presión	1.5 m.	980.5	968.9	974.2	--	hPa
Presión reducida	1.5 m.	1029.6	1016.5	1022.2	--	hPa


¹⁴Fig. 28. Táboa <https://www.meteogalicia.gal/observacion/estacions/estacions.action?idEst=10053#>

3.1.7. Contaminantes

Outro dos parámetros clave para definir o medio da *Domus do Mitreo* é a calidade do aire. Usualmente o aire presenta gran cantidade de partículas que son nocivas para os bens culturais, e este factor agrávase en zonas urbanas como é Lugo, e máis aínda se temos en conta o tráfico rodado das inmediacións

A rolda da muralla é un tramo moi transitado, polo que posiblemente os niveis de contaminantes derivados dos vehículos de combustión serán elevados. Para contar con esta medicións, será necesario implantar medidores de partículas no interior do museo. Na gráfica podemos ver como o nivel de calidade do aire en Lugo non está libre de compostos nitroxenados, sulfurados ou hidrocarburos (SO, CO, Ozono, etc...).

Outros elementos que emiten compostos nocivos para os bens culturais son os propios materiais que se empregan na construción, tanto dos edificios, como dos dispositivos de exposición ou almacenamento. No caso das madeiras, están descartadas para estar en contacto cos bens por emitir ácidos. Tamén a maioría dos derivados dos plásticos están desaconsellados, permitíndose os do grupo dos polietilenos, pero non os poliuretanos. Ademais deberemos observar as pinturas ou vernices, tanto na construción, substitución ou mantemento de espazos ou vitrinas. Deberán ser a auga para non emitir solventes prexudiciais, e respectar os tempos de curado dos adhesivos antes de acondicionar os obxectos nas vitrinas.



15

¹⁵Fig. 29 Fonte da gráfica, meteogalicia

3.1.8. Clima interno

No concerninte ás condicións ambientais no interior de museo, podemos comentar o seguinte:

- Existen medidores de temperatura e humidade no interior das vitrinas da planta baixa. Os datos non son visibles para o visitante.
- Nas salas existe algún dispositivo de medición, pero aparentemente está fora de servicio.
- Segundo informacións facilitadas pola directora do centro, aínda que os dispositivos recollan os parámetros, non se realiza unha toma metodolóxica segundo protocolo establecido destes parámetros, nin unha interpretación dos mesmos de cara a solicitar a colocación de medidas adicionais de control.
- Non obstante, na Domus a temperatura e humidade mantense dentro duns valores bastante estables, ao estar parte do espazo soterrado. A única situación extrema que manifestan ocorre durante os meses de verán (xullo e agosto), no primeiro piso, ao ter unha ampla fiestra no que incide a radiación solar. Non obstante, este vano está protexido por estores, e ademais hai instalado aire acondicionado que pode reducir a temperatura ambiente.



Fig. 30 e 31. Dispositivos de medición de datos climáticos no interior da vitrina 15 e na sala soterrada.


No concerninte ás radiacións, tampouco se toman medicións mediante luxómetros ou ultravímetros da cantidade de luz que incide nos bens. É posible que no momento da montaxe expositiva, a empresa que a realizou fixera estas comprobacións, pero en principio non se dispón dun documento que recolla estas informacións.

En canto aos contaminantes, parece que non hai medicións sobre a presenza dos mesmos.

3.1.9. Contexto demográfico

Por último, e para terminar de contextualizar o medio ao que pertencen os bens culturais, é necesario describilo desde o punto de vista do medio humano, é dicir, o contexto antrópico no que se encontran. Deberemos estudar a poboación e a súa distribución no territorio, así coma os seus valores sociais, cívicos e culturais.

Pirámide de poboación 2021.



16

Estudaremos a evolución do número de habitantes. No 2022, a cifra aproxímase aos 100.000. Sen embargo, en 1842 Lugo tiña 13 986 persoas censadas. Medio século despois, a súa poboación duplicábase, chegando aos 26 252 habitantes, manténdose constante ata os anos 40, onde se alcanzaron os 41 011. A poboación volveu duplicar en 1991, con 83 242 habitantes. No análise demográfico observamos o que ocorre no resto do Estado a niveis xerais, un envellecemento moi acusado da poboación. Tamén se extrapola a mellora no nivel educativo da sociedade. Así, no 1900, o 70% da poboación era analfabeta, e esa cifra redúcese a valores preto do 20%¹⁷.

Se valoramos as actividades económicas de Lugo cidade, observamos como o sector servicios ten unha importante presenza, pero tamén o sector primario. Destacan as

¹⁶ <https://www.foro-ciudad.com/lugo/lugo/habitantes.html>

¹⁷ https://www.fbbva.es/wp-content/uploads/2017/05/dat/cd_23_poblacion_lugo_web.pdf

actividades forestais, sector dos transportes, madeiros, e tamén observamos unha certa recuperación do sector construtivo. Segundo as estadísticas, non se constatan situacións habituais de conflictividade social, o cal é positivo de cara a analizar o risco de factores coma o vandalismo, espolio, etc.. O papel da cultura en Lugo cidade é relevante, posto que é unha cidade na que o seu patrimonio é visible, e cada vez a cidadanía amosa máis interese por coñecelo e respectalo.

3.1.10. Lugo como destino turístico

Os datos detallan que Lugo no ano 2019 (o último anterior á pandemia), acolleu máis de 50.000¹⁸ visitantes, dos cales case 40.000 foron nos meses do verán. Estas cifras xa se están recuperando, vemos que é un destino moi solicitado, e que se está promovendo dentro da campaña Lugo 100 km (xa que está a esa distancia de Santiago), así como promocionando co Xacobeo 21-22, posto que por Lugo decorre un dos camiños.

Xa citamos ao principio a oferta museística da cidade e os Bens Patrimonio da Humanidade que ofrece, e que xustifican incluso unha campaña máis ambiciosa, especialmente para desestacionar o turismo fora de verán. É favorable destacar a Lugo como cidade patrimonial a visitar todo o ano.

3.1.11. Datos de visitantes da *Domus do Mitreo*

A empresa que xestiona a atención a visitante rexistra os datos de visitantes, facéndoo segundo unha clasificación que atende ao rango de idade, xénero, e procedencia. Estes datos remítense á dirección e custódiense, e principalmente analízase o groso dos mesmos, é dicir, a cifra total de visitantes. Estes datos son moi bos, xa que a cifra anual é superior a 16.000 visitantes, sendo agosto o mes con máis visitantes, con case 5.000 usuarios, e xaneiro o mes con menos demanda¹⁹. Sen embargo, sería idóneo facer unha análise máis detallada dos mesmos. Por exemplo, chama a atención os poucos visitantes de Ourense que acolle. Tamén sería positivo realizar un estudo de público que avalíe os niveis de satisfacción mediante breves enquisas, que complementarían a o libro de visitas xa existente.

¹⁸ <https://www.europapress.es/turismo/destino-espana/noticia-oficinas-turismo-lugo-registran-34473-visitantes-va-2021-datos-similares-2019-20210904152933.html>

¹⁹ Segundo informes estadísticos facilitados pola directora da Domus do Mitreo

3.2. Análise do ben cultural.

3.2.1. Inventario dos bens no PCP

Ter realizado e actualizado un inventario dos bens que posúe a institución é imprescindible. Coñecer, ter identificados mediante sinatura, e localizables os bens é básico, e é o primeiro paso para a elaboración do PCP. Non podes protexer aquilo que non sabes si tes ou onde o tes. Ademais o inventario permite facer unha estimación e dimensionar o propio plan de conservación preventiva.

O Museo xa conta cun inventario, ao proceder os materiais da escavación e entregarse unha relación dos mesmos. Está previsto pasar esa información a un programa informático, unha actualización do sistema DOMUS, cando a mesma estea finalizada.




Fig. 33. Interfaz de DOMUS, programa empregado polos museos para a xestión e documentación das coleccións.

Os bloques de contidos mínimos que inclúe correspóndense cos desexables:

- Información xeral - Identificación do ben cultural - Historia material do ben cultural - Estado de conservación - Resultado dunha análise de significancia

Como todos son ámbitos moi coñecidos, vou a determe en explicar a análise da significancia. A significancia, segundo a norma UNE-EN 15898, é a “integración de todos os valores asignados a un ben”. Atribuímos o valor a “aspectos de importancia que os individuos ou unha sociedade atribúen a un ben”.

Nun PCP a avaliación permite nomear cales son os bens máis significativos, co fin de aplicarlles un esforzo especial de conservación. A base é perseguir a sustentabilidade. A experiencia de traballo amosa que non podemos aplicar o mesmo esforzo (técnico, humano e económico) a totalidade da colección, é necesario priorizar. Tamén facilita o traballo para a posterior elaboración do plan de emerxencias.

Na *Domus do Mitreo*, a dirección xa está avaliando esta información, avanzando que o listado de pezas máis destacables estaría encabezado pola ara e o engaste de anel.

3.2.2. Análise do funcionamento da institución e os seus recursos

O ámbito institucional, as competencias e axentes relacionados están ben definidos na *Domus do Mitreo* no Regulamento da USC publicado na web²⁰ e dispoñible para consulta pública. Estas características teñen peso en cuestións relativas á necesidade de instalacións e persoal, métodos de traballo e orzamentos. O plan incluírá a descrición dos órganos que a compoñen, e as súas funcións, que pódense sintetizar nun organigrama, que recolla traballadores, departamentos, e recursos económicos.

Na *Domus* a dirección ata o momento foi compartida. O resto do organigrama complétase con persoal de seguridade compartido con outros departamentos da Universidade. Ademais hai unha persoa encargada do estudo das coleccións, e colaboracións habituais de compañeiros. Tamén destacar a existencia de tarefas realizadas grazas a convenios con outros estudos da USC (profesorado para elaboración de didácticas, por exemplo).

A atención ao visitante está externalizada e recae nunha empresa, mediante adxudicación por concurso.

Non existe un departamento de conservación-restauración. Moitos dos bens intervidos, foron tratados en laboratorios externos (Museo do Castro de Viladonga), xa que é o lugar onde están de momento depositados os materiais, e alí si que contan con profesionais cualificados para a conservación-restauración.

A limpeza xeral tamén está externalizada. O mantemento dos espazos do xacemento que o requiren é efectuado polo persoal especializado, que realiza o control da muralla de Lugo, ao estar incluído no plan de mantemento da muralla por situarse practicamente enriba da muralla o espazo do museo.



Fig. 34 e 35. Imaxe xeral do xacemento e da vitrina, en perfectas condicións e con bolsas de xel desecante.

²⁰<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/descargas/documentos/Regulamento-de-Rexime-interno-do-Museo-Domus-do-Mitreo-Texto-consolidado.pdf>

Outros aspecto a estudar e o uso turístico e a visita pública. Temos que estudar os patróns de afluencia, e ligalos cos horarios de apertura.

En principio existen varios tipos de visitas posibles. A guiada, coa compañía dunha guía (ben do museo, ou ben unha guía externa que interpreta o xacemento). E a visita libre, na que o usuario pode percorrer o espazo segundo as súas preferencias. O museo é completamente accesible para persoas con mobilidade reducida, xa que conta con adaptador para a planta subterránea, e con ascensor para a primeira planta.

Existen numerosos dispositivos de apoio, en diferentes linguas, pero non en lingua de signos, nin en linguaxe sinxela. Previa reserva, cun mínimo de 5 persoas, e abonando a tarifa correspondente, pódese solicitar a visita guiada polo persoal do centro. Ademais dispón de tenda para adquirir artigos e publicacións.

Para a análise de riscos, tamén é básico o coñecemento das instalacións técnicas e o seu funcionamento (iluminación, control climático, etc.).

Con respecto á seguridade, a *Domus* está incluída no plan xeral de seguridade dos inmobles da USC, pero non conta con especificacións propias dos edificios que albergan bens culturais. Si que hai vixiante na porta, pero non existe vixilancia na sala inferior ou no piso superior.

Os traballadores e traballadoras están formados na auto protección e evacuación, e existen dispositivos de alarma, antiincendios, sinalización de desniveis, etc... Estes revísanse periodicamente polo servizo da USC.



Fig. 36 e 37. Imaxes con dispositivos de emerxencia (alarmas, sinalización de extintores de incendios).

3.3. Análise dos riscos

Tras a recompilación da información referente ao medio, á institución, e á colección, agora será necesario establecer a análise de riscos. Esta fase permitirá fixar accións a desenvolver no PCP. En primeiro lugar definiremos a que nos referimos con risco, e trátase da posibilidade de que ocorra unha situación que ocasione un deterioro, e débese valorar xunto coa probabilidade de que este se produza. Por tanto a análise de riscos estuda a natureza do risco para cuantificalo, identificando as súas causas.

Esta fase é, quizais, a máis complexa do traballo de conservación preventiva e por iso os diferentes métodos existentes baséanse en normas internacionais. Estas dez categorías proveñen de xeito literal da bibliografía, sendo establecidas por S. Michalski nos anos 90 e empregadas aínda a día de hoxe para organizar o traballo dos restauradores.

·"Ausencia ou disociación da documentación básica para a identificación e documentación dos bens culturais, ou disociación por perda da información." Na *Domus* os bens están inventariados e convenientemente almacenados e clasificados. Non obstante, debemos ter en conta que ao tratarse de bens arqueolóxicos, a información e o contexto son especialmente importantes. Tal e como require a metodoloxía arqueolóxica, tense especial interese en conservar a documentación e informacións do rexistro arqueolóxico, que permite interpretar os bens no seu contexto, podendo propoñer a dixitalización e informatización destes datos.

·"Danos físicos causados pola manipulación, disposición inadecuada, vibración, inestabilidade estrutural, ou pola presión do uso dos bens culturais." Se o persoal en contacto cos bens ten a formación suficiente, e antes do acceso se dan as indicacións precisas, non existe este risco no museo. As persoas de atención ao visitante, informan das recomendacións a seguir durante a visita. As manipulacións fanse por parte de especialistas (restauradoras do Museo de Viladonga), e os dispositivos son axeitados aos obxectos expostos.

No caso do almacenamento, está previsto xa un espazo para situar os bens no futuro. No momento dese movemento, deberá ser planificado con antelación. Realizaranse en embalaxes e transporte axeitados, e manipularanse segundo as recomendacións dos profesionais na materia.




Fig. 38 e 39. Os danos por causas físicas son os máis habituais. Aquí observamos unha rotura propia dos bens arqueolóxicos no fuste, que se respecta ao ser parte da historia do ben, froito do paso do tempo e abandono. Na outra imaxe observamos roturas nos bordos dos documentos, froito da manipulación e uso.

“Danos ou perdas causados por actos antisociais como roubo, espolio, vandalismo ou conflitos sociais ou armados.” Actualmente, segundo informacións facilitadas pola directora da *Domus*, non se produciron este tipo de ataques. Non obstante, e a pesares das alarmas, o persoal de seguridade que fai as roldas, e o persoal de atención ao visitante do que se dispón, consideramos que as medidas de seguridade poden ser obxecto de mellora.

Valoramos preciso a colocación de cámaras de vixilancia no primeiro andar, e adicionalmente dotar a sala cun vixiante de seguridade. Se ben é certo que os obxectos están en vitrinas, para previr posibles ataques, actos vandálicos ou accidentais, son favorables as medidas disuasorias. Temos que considerar que existe este risco, xa que o factor humano é imprevisible, e o feito de que polo de agora nunca ocorrese, non evita que suceda no futuro, polo que proveer medidas de control e disuasión é básico.



Fig. 40. Visitante apoiado nas vitrinas sen control por parte de vixiantes de sala.

· *“Danos ou perdas causados por sucesos catastróficos como incendios, terremotos, inundacións ou fenómenos meteorolóxicos extremos.”* Non hai documentados sucesos deste tipo. Non obstante, considero que si que existe ese perigo. O nivel no que se atopa o xacemento, soterrado con respecto á rúa. É posible que de ocorrer unha inundación, chegue a afectar ao nivel de chan da *Domus*. Se atendemos ao cambio climático, vemos que cada vez as choivas torrenciais son máis habituais, polo que sería positivo instalar dispositivos de control. A maiores, xa existen pozos no xacemento.

· *“Danos causados por condicións ambientais inadecuadas entre as que se inclúen os factores microclimáticos, as radiacións asociadas a a luz e os contaminantes atmosféricos.”* Como comentamos anteriormente, non se rexistran de xeito protocolizado estes parámetros, polo que non coñecemos a situación real. Este será un dos primeiros aspectos a instaurar. Non obstante, observamos certas manchas de humidade, que poden ser debidas tanto á situación no interior e do exterior.



Fig. 41 e 42. Imaxes de diferentes áreas da planta soterrada, o xacemento musealizado, onde vemos humidades na construción e colonización biolóxica.

· *“Danos causados por condicións do medio exterior entre as que se inclúen a humidade procedente do subsolo a estabilidade edáfica, a localización, a topografía...”* De momento non coñecemos exactamente os datos interiores, polo que non podemos identificar se as alteracións correspóndense coa situación interior ou exterior. Si podemos identificar humidades na planta soterrada, que proveñen dos cinco pozos que indica a directora que existen na planta inferior.

· *“Danos causados polo biodeterioro, xeralmente asociado a condicións ambientais inadecuadas e deficiencias nas instalacións e o seu mantemento.”* Por biodeterioro entendemos alteracións relacionadas con axentes biolóxicos, que inclúen os mofos, liques, ata as pragas coma pequenos roedores, aves, morcegos, etc... Si observamos este risco no museo, en forma de fungos verdes en determinadas zonas, por exemplo na

pedra cerca da muralla. Tamén os focos de iluminación provocan a proliferación de certos microorganismos, segundo indica tamén Dña. Dolores Dopico.

· *“Mantemento de inmobles e instalacións inexistente ou inadecuado.”* O correcto mantemento do inmobile é unha das primeiras tarefas para asegurar un ambiente axeitado para os bens culturais, xa que é o envolvente dos mesmos, e as alteracións rematan por trasladarse do contedor ao contido.

Existe este risco no museo, como na práctica totalidade de edificios, especialmente os históricos, por ser inmobles que requiren uns coidados especiais. Hai que prestar gran atención ao mantemento, realizar un seguimento continuo, e tras os primeiros sinais de alerta, tomar as medidas de control necesarias. Estas moitas veces incluírán obras maiores, pero por complexas que sexan, son necesarias para a institución. Controlar as humidades, materiais que poden desprenderse ao espazo expositivo, arranxar desperfetos de imaxe, ou controlar a sucidade, son algúns dos aspectos de mellora.



Fig. 43, 44, 45 e 46. Fotografías de detalle dos riscos identificados na Domus: desprendementos do material que recubre o falso teito, humidades, desperfetos na parede, sucidade acumulada, arañeiras.

· *“Ausencia ou deficiencias do proxecto museográfico e de uso cultural.”*

A *Domus* conta cun proxecto expositivo sólido. A museografía é actual, xa que estamos nun centro con poucos anos de vida. Os dispositivos de exposición son axeitados, a iluminación é coidada, e téñense en conta outros aspectos propios da museografía e museoloxía actuais.

Ademais, actualmente está en fase de redacción do plan museolóxico e museográfico, o cal é moi positivo. Por unha banda permite acceder á condición de museo, e por outra posibilita realizar unha fonda documentación e auto coñecemento do propio centro.

Si é un risco a ausencia destes plans, xa que neles contéplase moita información necesaria para o bo funcionamento das institucións, pero xa que se están realizando, pois unicamente apuntar a pertinencia da colaboración dun conservador-restaurador para asesorar nas cuestións técnicas e concernentes á problemática da conservación.

· *“Danos ou perdas relacionados coa negligencia nos procedementos de seguimento e control.”* Consideramos este risco latente, xa que polo momento non existe un procedemento de control, nin hai ningún responsable de realizar este seguimento.



Fig. 47 e 48. Imaxes de elementos de barreira, positivos para evitar o extremo achegamento dos visitantes aos bens.

Á dereita, un dos pozos do xacemento. A titora apuntou a existencia de varios pozos. Estes elementos terán que ser tidos en conta de cara aos mecanismos de control da humidade, e precisarán un seguimento continuo.

3.4. Valoración de riscos e definición das prioridades de actuación

PROPOSTA DE INTERVENCIÓNS DE URXENCIA: No museo tras un primeiro análise non parecen necesarias actuacións de urxencia. Si a curto prazo proporemos un guión para un posible protocolo.

Si detectamos algúns moi pequenos danos no edificio, que se ben non están afectando aos bens culturais, será favorable tratar de arranxalos. En referencia a este aspecto, recordamos a existencia dos manuais de mantemento regulamentarios, coma o Libro do Edificio: o CTE define que os propietarios do edificio teñen a obriga de mantelo en boas condicións, e ademais hai lexislación estatal que tamén refire estas cuestións (art. 2.2 LOE). En relación ao patrimonio cultural existe unha regulamentación específica sobre mantemento, aínda que si hai pautas internacionais para a conservación e restauración do patrimonio que abordan esta cuestión. Así, no punto 2 da Carta de Cracovia²¹ expone: *“O mantemento e a reparación son unha parte fundamental do proceso de conservación do patrimonio. Estas accións teñen que ser organizadas cunha investigación sistemática, inspección, control, seguimento e probas. Hai que informar e prever as deterioracións, e tomar as adecuadas medidas preventivas”*.

3.5. Deseño de procedementos e protocolos

PROCEMENTOS DE SEGUIMENTO E CONTROL

Entendemos por procedementos de seguimento e control dos riscos de deterioro ás accións sistemáticas dirixidas á detección dunha situación de risco, e en segundo lugar, á súa eliminación ou minimización.

O seguimento é a identificación do risco e dos parámetros que o miden (inspeccións visuais, toma de medicións mediante dispositivos electrónicos, etc...)

O control son accións que axudan a eliminar ou minimizar a situación de risco. Medios habituais para o control son por exemplo sistemas de aire acondicionado.

PROTOCOLOS DE MANTEMENTO PERIÓDICO

No PCP, o mantemento son feitos periódicos programados, de alcance limitado, para garantir a estabilidade e bo funcionamento de estruturas, espazos e instalacións dos bens inmobles ou relacionados coa exhibición ou almacenamento dos bens mobles.

²¹ https://en.unesco.org/sites/default/files/guatemala_carta_cracovia_2000_spa_orof.pdf

Os protocolos de mantemento requiren programar tarefas rutinieras para manter en bo estado de conservación os inmobles e partes de especial interese patrimonial. Inclúen as instalacións técnicas (seguridade, protección contra incendios, electricidade, etc.), e instalacións.

A continuación propoñemos unhas táboas básicas para comezar a instaurar protocolos de traballo, tanto xerais de limpeza, específicos de restauro, e para o persoal auxiliar de seguimento das instalacións.

PROTOCOLO BÁSICO DE LIMPEZA XERAL		
Tarefa	Periodicidade	Descrición
Limpeza de chans e pavimentos	Diaria	Aspiración manual e barrido húmido.
Limpeza de mobiliarios e superficies	Diaria	Manteranse libres de polvo. Empregaranse panos de microfibra.
Limpeza de superficies e dispositivos museográficos	Tres veces por semana	Panos de microfibra
Limpeza de aseos	Diaria, varias veces ao día segundo necesidade	Desinfección e hixienizado habitual
Limpeza de elementos auxiliares (barandas, etc..)	Semanal	Panos de microfibra, barrido húmido
Teitos, paredes, portas	Semanal	Aspiración e limpeza en húmido se é precisa e son superficies lavables
Fiestras e elementos acristalados	Mensual	Limpeza en húmido
Outros		Baleirado papeleiras Coidado manteis eventos (mesa) Limpeza e orde mesa recepción de visitantes

PROTOCOLO LIMPEZA A DESENVOLVER POR PROFESIONAIS CUALIFICADOS (RESTAURACIÓN) E SEGURIDADE		
Tarefa	Periodicidade	Descrición
Limpeza interior vitrinas	Anual	Aspiración manual controlada
Limpeza pezas expostas sen vitrina	Semestral	Manteranse libres de polvo. Aspiración manual controlada
Limpeza estruturas xacemento	Anual ou segundo necesidade	Segundo avance da alteración. Limpeza combinada empregando métodos físicos e/ou químicos. Aplicación de
Limpeza de elementos que polas súas especiais condicións o precisan	Mensual	Aspiración controlada. Limpeza mecánico en seco. Limpeza en húmido.
Protocolo seguimento condicións		
Toma de medidas: Cubrir as gráficas coas medidas de Temperatura Humidade Relativa Luxes / Radiación UVA Test para contaminantes	Os datos recóllense de forma diaria As gráficas cóbrense de xeito mensual O análise das estadísticas faise de xeito trimestral, e unha análise profunda anual	Colocación de data loggers Medición manual dos niveis de humidade Colocación de dispositivos de medición de contaminantes
Instalación pechado de circuito de videograbación		Rastreo diario por parte dos auxiliares de sala e persoa de seguridade

FICHA DE SEGUIMIENTO DOS BENS E INSTALACIÓNS DO PERSOAL AUXILIAR					
Aspectos a controlar	Incidencia e hora	Sala	Vitrina	Obxecto	Descrición incidencia
Portas (vixiar peches e depósitos de sucidade)					
Fiestras, vanos e persianas					
Iluminación (orientación e funcionamento)					
Control dos dispositivos de climatización: Funcionamento da climatización Funcionamento dos medidores de parámetros					
Dispositivos de exposición (baldas, cartelas, dispositivos táctiles, audiovisuais...)					
Equipo de seguridade					
Control de pragas: depósitos, serraduras, insectos, roedores, ...					
Goteiras/ humidades					
Outros					
Firma do responsable e hora					

PROTOCOLOS DE CONTROL

Ter rexistrados os parámetros é imprescindible para propoñer medidas de control. É dicir, non é realista propoñer instalar equipos de climatización para controlar o clima, se simplemente cos medios pasivos xa se conseguen un rexistros de datos axeitados á colección.

Polo tanto, no protocolo que propomos, ten especial importancia a toma continuada de medicións para poder realizar gráficas, como mínimo nun ano completo, e interpretar eses valores.

Medidas para o control medioambiental: No caso de observar xa nos primeiros meses que os parámetros distan moito dos desexables, propoñer xa antes do ano instalar métodos de control:

- Des humidificadores de uso profesional para controlar os niveis de HR
- Climatizadores para modificar as condicións ambientais de temperatura, que á súa vez inciden na humidade, ou programar os existentes segundo necesidade.
- Establecer medidas pasivas (apertura controlada de vanos para ventilar contribúe a eliminar humidade e a mellorar a sensación climática no verán). Pouco tempo (uns 15 minutos ao día, en horas elixidas segundo as necesidades)

Para as radiacións: no caso de rexistrar valores demasiado altos de radiacións, e tendo en conta a existencia de materiais sensibles (oso, pinturas murais, papel)

- Rexistrar de xeito urxente os valores lumínicos (seguimento)
- Probablemente, colocar filtros de UVA nos vanos con luz natural (control)

Medidas de control para os contaminantes:

- Alfombriñas rotatorias de uso obrigado para os visitantes, a fin de evitar a introdución de partículas nas salas
- Fixar termos de contrato con empresa profesional de control de pragas. Colocar testemuñas e sistemas de detección

Medidas de control contra o factor antrópico:

- Instalar sistema de videovixilancia 24 horas conectado por duplicado á Policía Nacional e á seguridade privada. Contar con vixiantes de sala en cada piso.
- Instalar sistemas que eviten que entren obxectos dende a rúa (redes), e eviten a entrada de aves ou outros animais.
- As manipulacións realizaranse sempre por persoal técnico. Empregaranse luvas limpas de vinilo, e colleranse as pezas coas dúas mans. Preveranse os percorridos a realizar, decidindo a ruta e calculando obstáculos. Teranse medios auxiliares como carriños. Para os obxectos pesados, recorrerase a medios externos.

Imaxes de exemplos de procedementos de seguimento e control



Fig. 49 e 50. Datalogger con rexistro para rexistrar a humidade relativa e temperatura. Luxómetro para tomar medicións da cantidade de iluminación presente.



Fig. 51 e 52. Medidores do aire: medición continua acumulativa de contaminantes (SO₂, NO₂, O₃). Cámara de videovixilancia.



Fig. 53 e 54. Imaxes de tarefas de limpeza de rutina en bens culturais: aspiración controlada con suaves brochas e control das superficies.

²² Fonte das tres primeiras imaxes: Redes sociais da ESCRBCG

²³ Fonte da imaxe: <https://www.blindabee.com/diferencias-entre-circuitos-cerrados-alarmas/>

²⁴ Últimas dúas imaxes: limpeza rutinarias en elementos de exposición no MDDS, Braga, Fotografías de L.E.

Contido dos procedementos para a xestión de situacións de emerxencia: Habería que incorporar a xestión das emerxencias ao plan. Non debemos esquecer que os corpos de intervención teñen as súas pautas de intervención e non podemos entorpecer o seu traballo. Non obstante, de xeito orientativo, desde o PCP pódense abordar os seguintes aspectos: ter de forma previa fixadas as prioridades, segundo a significancia, e valorar colocar dispositivos de rastrexo. Prever zonas de refuxio. Ter prevista a comunicación e a coordinación cos diferentes axentes externos. Designar aos equipos, os seus papeis, e aos responsables. Tratar de cumprir os procedementos de transporte. Ter as vías de evacuación sinalizadas. Fixar un lugar seguro para a documentación e equipos de emerxencia (planimetría, listados de bens, organigrama...).

3.6. Últimas fases do plan: implantación e verificación

IMPLANTACIÓN DE PROCEDIMENTOS E PROTOCOLOS

O éxito do plan dependerá de que a súa redación e implantación sexa integral e involucre a todo o equipo do museo. Neste tfm poderemos comentar a implantación propia xa que non é posible levar a cabo tódalas fases do PCP nun período de tempo tan limitado. Fundamental é: ter claramente definida a proposta de modelo de organización (organigrama coas funcións asignadas), realizar de xeito efectivo a formación do persoal implicado. Despois farase un plan de comunicación a todo o persoal do museo. E por último pódense establecer comunicacións do PCP para o público en xeral.

Outro protocolo a implementar é relativo ás **condicións que a institución pode solicitar para autorizar o préstamo de obras**. O desglosamos ao detalle no Anexo II (páx. 64). Ademais, este documento é moi útil como referencia para a propia Domus do Mitreo, en canto ás condicións idóneas ás que aspirar unha vez que teña os parámetros monitoreados e poida establecer mecanismos de control, e tamén para que sexa consciente do que lle poden pedir se solicita obras doutras institucións.

Observamos os datos xerais de T^a en torno aos 18°C e en torno ao 50% HR, pero somos conscientes de que polas características (nivel freático, pozos) haberá que flexibilizar. Tamén observamos como as medidas de seguridade son outro factor imprescindible.

Verificación do PCP

O mesmo sucede coa verificación do PCP. Podemos enumerar os pasos habituais para a súa realización, pero serían unhas pautas teóricas. So se pode realmente verificar o PCP unha vez que xa está completamente implantado. A verificación é un traballo continuo que de adaptación do incorrecto e optimización do que xa cumpre a súa función. Audítase se os procedementos e a metodoloxía é a idónea e está funcionando.

4. As actividades didácticas

4.1. Introducción

Unha das funcións principais dos museos é a didáctica das súas coleccións. Así o recolle tanto os textos normativos estatais e a recente normativa galega, coma o propio regulamento da Domus do Mitreo. Neste documento no punto 3 especifica o seguinte: Difusión e didáctica das coleccións

“3. Docencia, difusión cultural e asesoramento

3.1. O MDM deberá elaborar un programa de actividades orientadas á docencia e á difusión da súa colección, (...).

3.3 As actividades estarán dirixidas aos e ás estudantes, aos e ás docentes e investigadoras/investigadores, e en xeral a todas aquelas persoas que se interesen polo mundo romano.”

Visitando a páxina web da *Domus*, observamos que teñen uns contidos moi coidados para o visitante, especialmente para o público escolar e familiar: dispoñen de guías didácticas para o profesorado e os alumnos, que permiten familiarizarse cos contidos antes da visita. Tamén propoñen diferentes actividades para realizar, en relación coa colección e co mundo romano en xeral. Dispoñen de diversos xogos, e está especialmente coidada e completa a proposta de numerosas receitas para facer en familia, inspiradas na gastronomía do imperio.

Estamos ante un centro que xa conta cun programa didáctico en activo. Polo tanto, o que poderemos, é aportar unha proposta que o complementa.




Fig. 55. Imaxe dos apartados de materiais didácticos na web, cos diferentes despregables de contidos.

Dentro das correntes da nova museoloxía, un dos obxectivos principais é converter o patrimonio nun eixo vertebrador das comunidades, que afiance o coñecemento e o respecto hacia ás culturas propias.

Para conseguilo, é fundamental lograr achegarse a gran cantidade de sectores da poboación, e un modo idóneo para conectar cos públicos é facelo de xeito lúdico tratando de socializar os bens patrimoniais.

Para que a programación sexa óptima, sería favorable realizar un estudo de público. O Ministerio de Cultura, no seu Laboratorio de Observación de Públicos nos Museos, ten publicados diversos materiais que facilitan a realización desta análise²⁵



Fig 56. Escolares na Domus do Mitreo. Fonte da imaxe: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesollosgrandes/?q=node/765>

Relación entre as actividades didácticas e a conservación do patrimonio

O nexo entre as actividades didácticas e a conservación é directo. É imprescindible unha boa difusión para a conservación das coleccións. O público e os organismos institucionais non valoran e non conservan o que descoñecen, por conseguinte un dos pasos básicos para posibilitar á conservación e mellorar o coñecemento do patrimonio polos cidadáns.

A maiores, os conservadores-restauradores son profesionais moi formados nas técnicas artísticas, e familiarizados coas mesmas, polo que son un perfil idóneo tanto para deseñar como para impartir os obradoiros, pola cualificación técnica e destreza manual que habitualmente posúen, froito da experiencia no desempeño do seu traballo.

²⁵ <https://www.culturaydeporte.gob.es/cultura/areas/museos/mc/laboratorio-museos/que-hacemos/investigacion/perfil-de-publico.html>

4.2. Programación anual:

Tal e como manifestan as institucións de referencia internacionais na materia, por exemplo a Unesco e o Icomos coa recente re definición de Museo, os espazos museísticos son moito máis que un lugar no que se conservan, investigan e expoñen coleccións.

Son centros para a participación cidadá, para o enriquecemento e intercambio cultural. Son ámbitos para o crecemento persoal, a adquisición de coñecementos de forma dinámica e lúdica, e para o goce da cidadanía.

É preciso establecer os museos como espazos de ocio, tanto individual coma familiar.

A propia nova normativa en materia de museos da Xunta de Galicia incorpora e subliña a importancia destas funcións dos museos.

Pero para que se poida producir esta socialización do coñecemento, é preciso facer unha forte aposta polas programacións de actividades complementarias.

Non se trata de eventos illados, con propostas aleatorias. É necesario realizar un proxecto estable, cun razoamento técnico e unha base teórica, que albergue uns fíos condutores que lle confiran unha coherencia. Estamos a falar dun centro que depende da Universidade de Santiago de Compostela, unha institución que representa uns sólidos valores de investigación cun prestixio parello.

Tampouco debemos esquecer que está situado en Lugo, un lugar privilexiado no concerninte á súa historia. A cidade conta cun legado arqueolóxico único, e por tanto as posibilidades para desenvolver proxectos culturais son óptimas.

A propia *Domus do Mitreo* é un espazo cunhas características que o definen como un lugar singular. Ofrece grandes vantaxes para o visitante: trata unha temática que non é sobradamente coñecida, o culto Mitraico, polo que esperta o interese do espectador.

Expón aspectos que conectan co público e coa súa vida, ao ser tamén un espazo doméstico. Pero é capaz de satisfacer aos espectadores máis esixentes, ao tratar un ambiente de luxo, con ricas pinturas murais e outros elementos de marcada importancia.

Así mesmo, xa que temos que observar a *Domus* no contexto do Lugo Romano, consideramos que as sinerxías entre os espazos que tratan esta crucial época histórica na cidade son positivas. É unha realidade que coordinar centros xestionados por diferentes entidades é complexo, pero é un reto que as administracións deberán asumir

en prol dunha programación cultural máis planificada, sostible, eficiente e sen solapamentos.

Unha opción para soster unha programación é escoller un eixo temático. Para realizar propostas para a *Domus do Mitreo*, para o 2023, podería ser o ciclo anual. É unha realidade non coñecida pola poboación en xeral que moitos dos nomes dos meses do ano, chegaron ata os nosos días por festividades e deuses romanos.

Para promover a difusión de contidos arqueolóxicos, tomaremos estas referencias, o ciclo anual e os meses do ano, e programaremos actividades lúdicas que traballen estes aspectos. Para facilitar a participación cidadá, crearase un calendario estable no que se realizarán as actividades. De forma preliminar, propónse o último sábado de cada mes.

Incidiríase en aspectos transversais que apoiem a Axenda 2030, promovendo actividades específicas para a igualdade de xénero, a educación, e tratando todos os elementos cun enfoque inclusivo, e tamén tendo en conta a sostibilidade.

A coordinación do proxecto partirá da *Domus do Mitreo*, por ser unha institución pertencente ao mundo académico e investigador.

Os lugares de realización variarán dependendo da actividade. Por unha banda, na actualidade existe unha infraestrutura limitada para levalos a cabo na propia *Domus*, se ven sí que hai a posibilidade de empregar o salón de actos, algunha estancia do museo, ou ben algún espazo próximo do vicerreitorado. Sen desestimar o uso da terraza ou doutros espazos como a aula multiusos do Vicerreitorado.

Incluímos no anexo unha proposta anual con doce actividades tematizadas, unha para cada mes do ano.





Fig. 57. Visitantes no primeiro piso da Domus. Fig. 58. Sala usos múltiples *Domus Mitreo*. Imaxe de Dolores Dopico Caínzos.

5. Orzamento

Por motivos de espazo, achegamos o orzamento centrado nas actividades didácticas, que pode variar coa colaboración dos traballadores do museo.

Conceptos	Uds e prezo eu	Total eu
Coordinación xeral da programación e publicidade proxecto	600 + 380	980 eu
Actividade xaneiro: Recursos humanos. Monitor de apoio	1	70
Recursos materiais, completar caixón	1	20
Actividade febreiro. Recursos humanos (2 monitores de apoio)	2 (70)	140
Recursos materiais para máscaras	150	150
Actividade marzo: rrhh (conferencia especialista)	1	200
Recursos materiais. Documentación gráfica de apoio		
Actividade abril: Recursos humanos (2 monitores de apoio)	2 (70)	140
Recursos materiais para moldes aquíis	250	250
Actividade maio: Recursos humanos	2 (70)	140
Recursos materiais pintura vexetal	210	210
Actividade xuño: Recursos humanos, compañía de danza	1	1.000
Recursos materiais: documentación gráfica apoio	100	100
Actividade xullo: visita nocturna, participación museos.	6 (100)	600
Recursos materiais, documentación, postos de recreo	150 (2)	300
Actividade agosto: Recursos humanos 1 monitor de apoio	2 (70)	140
Recursos materiais: molde, arxila, pinturas, uteis varios	150	150
Actividade setembro. Recursos humanos, autores libro	100	100
Actividade outubro: Recursos humanos 2 especialistas	2 (200)	400
Actividade novembro: rrhh, técnico en escultura e monitor	200 + 70	270
Recursos materiais: xeso, materiais de positivado, auxiliares	250	250
Actividade decembro: Recursos humanos. Dous monitores apoio	2 (70)	140
Recursos materiais: arxila, candeas, flores, pinces, selos, ec..	150	150
Seguro de responsabilidade civil anual	1	1.120
base 7.030 eu	Ive 21%	Total
	1.476.3 eu	8.506,3

6. Conclusións

Unha das principais conclusións a este traballo é recoñecer o bo facer do museo. Sendo un centro de recente creación, se o comparamos coa maioría dos centros museísticos, xa están realizando o plan museolóxico e museográfico. Estes documentos son imprescindibles para certos trámites administrativos, pero tamén son unha boa ferramenta para a auto avaliación dos espazos, das coleccións e do seu funcionamento. E son tamén unha boa oportunidade para incorporar as achegas da conservación-restauración.

Parello a esta cuestión, podemos mencionar as óptimas condicións dos espazos. Tras a avaliación, detectáronse moi poucos ámbitos de mellora, e os elementos identificados non supoñen un risco urxente para a conservación bens culturais.

Polo tanto, a maioría das achegas céntranse na implantación de mecanismos de seguimento das coleccións, para poder estudar de xeito realista o ambiente, e así propoñer acaídos mecanismos de control, que permitan no futuro manter unhas condicións o máis idóneas posible. Tamén propoñemos nun anexo unha opción de posibles condicións de préstamo.

A segunda conclusión sería a necesidade dun traballo máis extenso. Houbera sido preciso unha extensión máis ampla, ou escoller unha única área de estudo. Pero precisamente unha das premisas nas que quería incidir era na transversalidade das restauradoras, polo que preferín abordar tanto o PCP como a didáctica.

No referente á programación didáctica, son consciente de que é unha área máis atractiva que a conservación. Que as institucións sexan capaces de conxugar as tarefas máis técnicas e invisibles, pero necesarias, coas actividades máis vistosas, é un desafío que coido estarán a altura de solucionar.

7. Bibliografía

Conservación preventiva:

BALLART, J.; (2006): El patrimonio histórico y arqueológico: valor y uso. Ariel Patrimonio, Barcelona.

DURÁN DÍAZ, M.D. (2012): Guía de museos, equipamientos museísticos y centros de interpretación. Almería, Instituto de Estudios Almerienses.

HERRÁEZ, Juan A.(2018). Fundamentos de Conservación Preventiva. Departamento de Conservación Preventiva, Instituto del Patrimonio Cultural de España (IPCE).

ICOM-CC. (2008). XVa Conferencia Triannual, Nueva Delhi, 22-26 de septiembre.

ICCROM (2000): Hacia una Estrategia Europea sobre Conservación Preventiva. Resolución de Vantaa (Finlandia) 21-22 de septiembre de 2000.

ICCROM-UNESCO (2009): Manual de Gestión de Riesgo de Colecciones. Partnership for the preventive conservation of endangered museum collections in developing countries. 2009_03_27 v.t.1 carta DRAFT VERSION.

LOPEZ RUIZ, Clara y CUBA TABOADA, Miguel (2014). Conservación preventiva para todos. Una guía ilustrada, Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo.

MICHALSKI, S. (2004): Care and preservation of collections. Running a Museum: A Practical Handbook/ edited by P. Boylan, Paris: International Council of Museums & UNESCO.

MONTEROSO MONTERO, J.M. (2001)VProtección y conservación del patrimonio : principios teóricos, Santiago de Compostela.

USC. Regulamento de Réxime Interno do Museo Universitario “Domus do Mitreo”.

VV.AA., (2019). Guía para la Elaboración e Implantación de Planes de Conservación Preventiva. Sección de Conservación Preventiva del Instituto del Patrimonio Cultural de España, Madrid. Ministerio de Cultura y Deporte.

Actividades didácticas:

BELLIDO GANT, M^a L. (dir.), (2008).Difusión del patrimonio cultural y nuevas tecnologías, Sevilla .

MARTÍNEZ VALLINA, María. (2016) Agentes de democracia cultural: museos y proyectos culturales comunes como medios de comunicación de masas. En: Asociación de Jóvenes Investigadores de Estudios Socioculturales. (1º. 2015. Oviedo, España). Estudios socioculturales: resultados, experiencias, reflexiones. Oviedo: AJIES.

PRATS, Ll. (2011) “La viabilidad turística del patrimonio”, Pasos. Revista de Turismo y Desarrollo Cultural, vol. 9, núm. 2.

OLMOS, Héctor A.; SANTILLÁN GÜEMES, Ricardo (2000). Educar en cultura: ensayos para una acción integrada. Buenos Aires: Ciccus.

QUIROGA, Fran (2019): “Hacia una cultura en extensivo”, Cultura y Ciudadanía. Pensamiento (Ministerio de Cultura y Deporte).

REDS (2020) Cultura y desarrollo sostenible. Aportaciones al debate sobre la dimensión cultural de la Agenda 2030.

ROSELLÓ i CEREZUELA, David. Diseño y evaluación de proyectos culturales. (2017) 7ªed. Barcelona: Ariel.

URGELL PLAZA, F. (2014): Manual de estudios de público de museos. Gijón, Trea.

Fontes na rede:

<https://adomusdomitreo.com/gl/>

<https://www.culturaydeporte.gob.es/museosmassociales/presentacion.html>

<https://www.culturaydeporte.gob.es/mnantropologia/dam/jcr:3668821a-a0e2-4d75-8eb1-9fdd5da975ec/anexo-ii-condiciones-pr-stamo.pdf>

<https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/24047>

<https://museos.xunta.gal/es>

Normativa e lexislación:

LEI 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia.

LEI 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Constitución Española de 1978.

ANEXO I:

Programación anual

ANEXO I. Programación anual:

I.I. Xaneiro: Como traballan os arqueólogos. Obradoiro co caixón.

Comezamos o ano cunha proposta de ocio familiar. Antes de comezar a profundar nos diferentes aspectos que observaremos durante todo o ano, faremos un primeiro obradoiro introdutorio á arqueoloxía. Empregaremos recursos propios da museo.

Ficha técnica e título: Escava connosco o pasado romano na Domus do Mitreo.

<i>Data e lugar</i>	Domus do Mitreo, 28 xaneiro, 18:00 h
<i>Duración</i>	75 minutos (30 mins. explicación inicial + 45 mins. escavación)
<i>Público destinatario</i>	Familias con cativada de 5 a 10 anos
<i>Descrición da actividade</i>	Tras unha pequena visita comentada introdutoria á <i>Domus</i> , subiremos ao primeiro piso. Alí remarcaranse conceptos relacionados coa metodoloxía arqueolóxica, e procederase a escavar no caixón para atopar as pezas.
<i>Obxectivos</i>	Descubrir o pasado romano da cidade Familiarizarse coa metodoloxía arqueolóxica Ter un achegamento aos materiais do pasado
<i>Recursos necesarios:</i>	Monitor/guía Caixón coas pezas



Fig. 59. Foto da Web da Domus do Mitreo

I.II. Febreiro: Mes do entroido. Obradoiro mitraísmo

Tomando como referencia a propia temática do *Domus*, resaltaremos que foi un templo consagrado ao deus Mitra . Aproveitaremos o entroido para realizar un obradoiro temático.

Ficha técnica e título: As faces do Mitraísmo. Entroido na Domus do Mitreo.

<i>Data e lugar</i>	<i>Domus do Mitreo</i> , 18 febreiro, 18:00 h
<i>Duración</i>	75 mins. (30 mins. visita inicial + 45 mins. realización máscara)
<i>Público destinatario</i>	Familias con cativada de 6 a 12 anos
<i>Descrición da actividade</i>	Tras unha pequena visita comentada introdutoria á <i>Domus</i> , subiremos ao primeiro piso. Alí remarcaranse conceptos relacionados co culto a <i>Mitra</i> . En relación con este culto, varias hipótese apuntan á realización de máscaras polos fieis. Inspirándonos nas representacións conservadas, proporemos realizar unhas máscaras de <i>Mitra</i> , do toro, ou doutros animais. Tamén se realizarán outros obxectos, como a espada, para propiciar as interaccións entre os participantes
<i>Obxectivos</i>	Coñecer o culto mitraico Familiarizarse co pasado romano Naturalizar os museos como espazos de ocio familiar
<i>Recursos necesarios:</i>	Monitor/guía. Materiais plásticos: cartolinas, cartón, pinturas, cola, gomas, lapis, tesoiras, cola, etc...



²⁶ Fig. 60

²⁶ <https://weirditaly.com/2021/05/08/the-mithraeum-of-san-clemente-in-rome-an-underground-temple-devoted-to-mithras/>

I.III. Marzo: Mulleres en Roma

Antes de fixarse o calendario actual, marzo era o primeiro mes do ano, dedicado á Deusa Nai, que recibía diferentes nomes segundo o sitio en que se lle invocase. Era tamén o mes das mulleres. O nome de marzo procede da consagración que deste mes fixeron os romanos a Marte. Así, a maioría dos pobos, dedicaban marzo á resurrección anual da Primavera.

Ficha técnica e título: AD MANUS. Mulleres en roma. Charla na Domus do Mitreo

<i>Data e lugar</i>	Domus do Mitreo, 18 de marzo, 18:00 h
<i>Duración</i>	60 minutos + coloquio
<i>Público destinatario</i>	Público en xeral. Mozas/os, adultas/os
<i>Descrición da actividade</i>	Unha profesional do ámbito académico ou arqueolóxico de prestixio impartirá unha conferencia sobre a temática. Posteriormente terá lugar un coloquio participativo
<i>Obxectivos</i>	<p>Visibilizar o papel feminino na historia</p> <p>Familiarizarse co pasado romano</p> <p>Promover os museos como centros de coñecemento</p>
<i>Recursos necesarios:</i>	Persoal externo. Posibilidade Patricia González Gutiérrez, máster en Historia Antiga e Estudos de Xénero



27



28

²⁷Fig. 61. Mulleres vestidas á moda de Roma. Fonte da imaxe: La Voz de Galicia. <https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/2022/06/07/lugo-recrea-primera-manifestacion-mujeres-historia/00031654615123020807958.htm>

²⁸Fig. 62. Representación feminina en Roma. Fonte: https://www.eldiario.es/cultura/historia/livia-malvada-envenenar-diez-personas-marido-heroe-genocidios_1_8398783.html

I.IV. Abril: Aphrilis

Mes dedicado á deusa Afrodita (Venus). Este mes recibe o nome de "*Aphrilis*", que significa escuma, material da que foi creada Venus, a deusa dos amores, a quen está consagrado tamén o touro. Seguiremos coas actividades dirixidas ás mulleres. Obradoiro realización de *acus*, elemento para o cabelo, que se pode contemplar na *Domus*.

Ficha técnica e título: *Peitéate coma Afrodita. Abril na Domus do Mitreo*

<i>Data e lugar</i>	<i>Domus do Mitreo, 29 abril, 18:00 h</i>
<i>Duración</i>	20 minutos visita guiada + 40 minutos obradoiro
<i>Público destinatario</i>	Público en xeral. Mozas/os, adultas/os.
<i>Descrición da actividade</i>	A guía fará un percorrido enfocando a temática da feminidade. Ao remate, realizarán unha réplica de <i>acus</i> , e haberá unha demostración de peiteado romano
<i>Obxectivos</i>	Visibilizar o papel feminino na historia Familiarizarse co pasado romano Promover os museos coma espazos de ocio
<i>Recursos necesarios:</i>	Guía. Molde para os baleirados.




Fig. 63 e 64. *Acus crinales* da *Domus do Mitreo* e exemplos de emprego .

²⁹ Fontes: Domus do Mitreo e <https://www.pinterest.es/pin/525162006532652820/?mt=login>

I.V. Maio. Mes da vexetación, obradoiro de pintura e natureza

Maio, segundo a maioría das hipóteses, está vinculado á Deusa *Maia*, que representa a abundancia, e é protectora das colleitas e da natureza. Aproveitando este simbolismo, e a presenza de motivos vexetais nas pinturas da *Domus*, realizaremos un obradoiro.

Ficha técnica e título: Ut pictura poiesis. Os frescos na Domus do Mitreo.

<i>Data e lugar</i>	<i>Domus do Mitreo, 27 maio, 18:00 h</i>
<i>Duración</i>	20 minutos visita guiada + 40 minutos obradoiro + 15 minutos recital
<i>Público destinatario</i>	Público en xeral. Mozas/os, adultas/os.
<i>Descrición da actividade</i>	A guía fará un percorrido enfocando a temática da plástica na <i>Domus</i> e no mundo romano. Despois, realizarán unha pintura inspirándose nos frescos con elementos vexetais. Para finalizar, haberá un breve recital poético
<i>Obxectivos</i>	Visibilizar a plástica romana Familiarizarse co pasado romano Promover os museos coma espazos de ocio e aprendizaxe
<i>Recursos necesarios:</i>	Guía. Materiais artísticos. Escritora




Fig. 65. Frescos con motivos vexetais da Domus do Mitreo

I.VI. Xuño. Festival da danza na honra a *Juno* e á primavera.

O nome tómase da deusa *Juno*, que representaba a natureza e a familia. Ao principio do mes, varios pobos da Europa antiga festexaban rituais na honra de *Juno*, raíña do ceo, efectuándose sacrificios, danzas ...O mes de xuño aparece na iconografía como unha moza espida que sinala co dedo un reloxo solar, para significar que o sol comeza a baixar, e tendo na outra man un facho aceso como símbolo das cores da estación.

Ficha técnica e título: Tripudium, Danzamos na Roma

<i>Data e lugar</i>	<i>Domus do Mitreo</i> , 17 xuño, 18:00 h, auditorio
<i>Duración</i>	40 minutos de espectáculo
<i>Público destinatario</i>	Público en xeral. Mozas/os, adultas/os.
<i>Descrición da actividade</i>	Unha compañía realizará unha obra de pequeno formato escrita especificamente para a temática mitraica. Pódese contar coa compañía universitaria, por exemplo.
<i>Obxectivos</i>	Poñer en valor a importancia do teatro no mundo romano Familiarizarse co legado histórico da cidade Naturalizar os museos coma espazos de ocio
<i>Recursos necesarios:</i>	Compañía de teatro. Coordinador da actividade



Fig. 66. Representación de danzantes no mundo romano. Fonte da imaxe: <https://domus-romana.blogspot.com/2018/09/saltator-et-saltatrix-bailes-festivos-y.html>

I.VI. Xullo: Actividade nocturna: visitas á 5 espazos. Micro visitas en cada lugar: peza coñecida e unha peza descoñecida

Ficha técnica e título: **Ruta dunha noite de verán** (28 de Julio, a las 20:00 horas a 23:00)

Lugares	Centro Arqueolóxico de San Roque / Sala de Exposicións da Porta Miñá <i>Domus do Mitreo</i> / Centro de Interpretación da Muralla Casa Dos Mosaicos / Museo Provincial de Lugo
Duración	3 horas (2 horas e media máis 20 minutos de descanso)
Público destinatario	Público en xeral. Mozas/os, adultas/os.
Descrición da actividade	Realizárase unha ruta arqueolóxica urbana polos principais museos con colección arqueolóxica ou museos de sitio de Lugo. En cada un deles, amosárase unha das pezas estrela, e unha menos coñecida, a elección do persoal do centro. En cada museo a visita durará un máximo de 20 minutos. A duración do percorrido é de 25 minutos, polo que deixando algo de tempo de marxe, en total a actividade durará case tres horas. Pénsase nunha parada de descanso no exterior da <i>Domus do Mitreo</i> de 20 minutos, onde se prevé un “avitallamento”, e unha posta en común final claustro do Museo Provincial de Lugo, onde poderá haber outro, para facer a actividade máis lúdica.
Obxectivos	Poñer en valor a importancia do pasado romano da cidade. Naturalizar os museos coma espazos de ocio. Tecer redes entre os centros da cidade.
Recursos necesarios:	Profesionais de cada museo. Coordinador da actividade




Fig. 67. Fonte: Google maps para calcular e situar o percorrido a pé

I.VIII. Agosto. *Lvcvs Avgvsti*.

Lugo foi nomeada *Lucus Augusti* na honra de Augusto, un dos emperadores romanos máis importantes na historia da civilización romana. Observamos a Augusto na MDM representado na súa colección de numismática, polo que tomaremos esta temática para o obradoiro de agosto, mes adicado ao propio emperador Augusto.

Ficha técnica e título: Lucus Augusti

Data e lugar

Aula didáctica da *Domus*. 28 de agosto ás 18:30

Duración

60 minutos (charla introdutoria e obradoiro)

Público destinatario

Cativada de máis de 7 anos

*Descrición da
actividade*

Realización dunha réplica dunha moeda romana atopada na *Domus do Mitreo* na que aparece o emperador Augusto. Mediante un molde, poderán facer a súa moeda e posteriormente pintala.

Obxectivos

Ter un achegamento á numismática. Coñecer a relevante figura do emperador Augusto. Familiarizarse coas técnicas artísticas.

Recursos necesarios:

Monitor para a actividade. Molde e materiais plásticos



Fig. 68. Augusto nunha das moedas da *Domus do Mitreo*. Fonte da Imaxe: MDM

I.IX Setembro: presentación conto A VIDA DIARIA DOS ROMANOS

Setembro é un tempo de volta ás rutinas, e propoñemos unha pequena actividade que trate un tema transversal e moi importante como é o fomento da lectura, e parello, a normalización lingüística do galego. Tamén promoveremos o coñecemento da vida romana entre o público escolar, e podemos complementar a actividade cunha pequena visita guiada pola *Domus*, centrada nalgúns dos aspectos que se mencionan no libro.

Ficha técnica e título: A VIDA DIARIA DOS ROMANOS, de Pepe Carballude

Data e lugar

A *Domus do Mitreo*. 30 de setembro, 18:30 horas.

Duración

40 minutos (intervención do autor) + 30 minutos visita

Público destinatario

Familias e público infantil

Descrición da actividade

Presentación desta premiada edición que divulga o mundo romano para o público escolar, con rigor e unha linguaxe sinxela. Un imprescindible para as nenas e os nenos lucenses.

Obxectivos

Familiarizarse coa vida cotiá no mundo antigo. Adquirir coñecementos. Fomentar o hábito lector.

Recursos necesarios:

Monitor para a actividade. Convidar ao autor e que asista.




Fig. 69. Imaxe cuberta e contra cuberta da Vida diaria dos Romanos. Fonte: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/carballo/2021/04/08/span-langgl-vida-diaria-dos-romanos-records-as-rutinas-dos-nenos-galegos-anos-60span/0003_202104C8C6991.htm

I.X. Outubro. Conferencia

Neste mes realizaremos unha proposta divulgativa sobre as novidades na escavación e o discurso museolóxico da primeira planta. O arqueólogo director das intervencións na *Domus*, o D. Celso Rodríguez Cao, que realizou a súa tese de doutoramento sobre a *Domus do Mitreo*, e a directora do centro, a profesora da USC e investigadora Dna. Dolores Dopico Caínzos, farán unhas charlas para divulgar os contidos ao público.

Ficha técnica e título: **ESCAVACIÓNS NA DOMUS DO MITREO**

<i>Data e lugar</i>	A <i>Domus do Mitreo</i> , 28 de outubro, 18:30.
<i>Duración</i>	60 minutos (intervención dos autores, 30 mins aprox cada un)
<i>Público destinatario</i>	Público especializado. Público en xeral
<i>Descrición da actividade</i>	<p>Especialmente para o estudiantado do grado en xestión cultural, do Máster en Servizos Culturais, e doutras titulacións de humanidades, pero tamén para o público interesado en xeral.</p> <p>Realizarase unha conferencia técnica sobre as intervencións. Pódese prever a publicación dunha adaptación da tese doutoral de Cao. Quérese transmitir a metodoloxía arqueolóxica, as complicacións que adoitan aparecer, como se solucionan, expor os resultados, valorar as campañas, proxectos de futuro, etc...</p>
<i>Obxectivos</i>	<p>Familiarizar aos universitarios e ao público en xeral coa disciplina arqueolóxica.</p> <p>Divulgar contidos técnicos e rigorosos entre a cidadanía.</p>
<i>Recursos necesarios:</i>	Participación dos especialistas



Fig. 70

<https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/2020/09/17/domus-do-mitreo-lujosa-mansion-romana-controlaba-via-xix/00031600364065763429436.htm>

I.XI. Novembro: Talleres sobre arte funerario

Este mes na nosa cultura ten unha importante presenza das crenzas e ritos relacionados co mundo dos mortos. O culto á morte foi un tema tamén moi presente no mundo romano, visible por exemplo nas artes plásticas coa realización de mascarillas funerarias. Tomaremos esta temática para facer un obradoiro de baleirados corporais.

Ficha técnica e título: **IUS IMAGINUM**

Data e lugar

A *Domus do Mitreo*, 25 de novembro. 17:00 horas.

Duración

120 minutos (explicación inicial e realización das pezas)

Público destinatario

Público especializado. Público en xeral, mozos e adultos

*Descrición da
actividade*

Coa inspiración das máscaras mortuorias, realizaremos un obradoiro de experimentación corporal. Faremos baleirados parciais sobre o propio corpo, permitindo a expresión artística. Explicarase a metodoloxía seguida na antigüidade.

Obxectivos

Divulgar a plástica romana. Promover coñecementos sobre técnicas artísticas.

Recursos necesarios: Técnico en escultura.




Fig. 71. Exemplo de peza de arte funerario romana. Fonte: https://es.wikipedia.org/wiki/Ius_imaginum

I.XII. Decembro: *Saturnais* ou festas de inverno no imperio romano.

Os romanos celebraban “o renacemento” do ano no solsticio de inverno, que no calendario xuliano coincidía co 25 de decembro. A festividade comezaba días antes, decoraban as casas con vexetación, acendían candeas e agasallábanse con presentes. Vemos que hai grandes coincidencias co noso Nadal. A maiores, os romanos tiñan outra celebración, "nacemento do sol invicto ou non conquistado" (*Natalis Solis Invicti*).

A *Domus do Mitreo* xa ten realizado obradoiros ao redor desta temática, pero nesta ocasión propoñeremos un centrado na plástica, que una a tecnoloxía cerámica, o uso de selos, creando un soporte de arxila para colocar candeas.

Ficha técnica e título: Saturnais. Obradoiro de realización de porta candeas con arxila.

<i>Data e lugar</i>	A <i>Domus do Mitreo</i>
<i>Duración</i>	90 minutos
<i>Público</i>	Público en xeral e familiar
<i>Descrición da actividade</i>	Obradoiro de realización de candeas con motivos romanos. Con arxila elaborarán pequenos recipientes para colocar candeas, e con selos realizarán decoracións a modo das <i>Terra Sigillata</i> . Posible colaboración co Museo Provincial de Lugo pola colección de Lucernas que conservan.
<i>Obxectivos</i>	Divulgar a plástica romana. Promover coñecementos sobre técnicas artísticas.
<i>Recursos:</i>	Técnico en escultura. Monitor. Arxila e materiais auxiliares.



Fig. 72. Lucernas do Museo Provincial de Lugo. Fonte: <https://galiciapuebloapueblo.blogspot.com/2018/12/museo-provincial-lugo.html>

ANEXO II:

Documento de condicións para o préstamo de bens

SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DE BENS PARA EXPOSICIÓN TEMPORAL

I. DATOS DO ORGANIZADOR

Nome: _____	
D.N.I. ou Pasaporte: _____	
En representación de: _____	
D.N.I. ou Pasaporte: _____	Nacionalidade: _____
Domicilio: _____	Nº.: _____
Localidade: _____	Código Postal: _____
País: _____	
Teléfono: _____	Fax: _____
Correo electrónico: _____	

II. DATOS DA EXPOSICIÓN

Denominación: _____	
Sede (país, cidade, rúa e nº)	
_____	Datas de inauguración e peche:
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
Comisario/a: _____	

O organizador declara coñecer e acepta as condicións de préstamo establecidas no anexo deste documento e SOLICITA, polo presente escrito, o préstamo temporal para exposición dos bens de titularidade da *DOMUS DO MITREO* que se detallan no Formulario I.

En, a de de
O ORGANIZADOR

Asdo.:

Formulario I

A. LUGAR E DATA DE RECOLLIDA DOS BENS:

.....
.....
.....

B. LUGAR E DATA DE DEVOLUCIÓN DOS BENS:

.....
.....

C. RELACIÓN DE BIENES DE TITULARIDAD DA *DOMUS DO MITREO* QUE SE SOLICITAN EN PRÉSTAMO PARA EXPOSICIÓN TEMPORAL

Nº DE INVENTARIO:
OBJECTO:
MATERIAL:
PROCEDENCIA:
DATACIÓN:
DIMENSIONÍS:	
VALOR A EFECTOS DE SEGURO:	

Nº DE INVENTARIO:
OBJECTO:
MATERIAL:
PROCEDENCIA:
DATACIÓN:
DIMENSIONÍS:	
VALOR A EFECTOS DE SEGURO:	

A DIRECCIÓN DO MUSEO O ORGANIZADOR



CONDICIÓNS DE PRÉSTAMO DE BENS DE TITULARIDADE DA DOMUS DO MITREO PARA EXPOSICIÓN TEMPORAL³⁰

1 CONSIDERACIÓNS XERAIS

Todo préstamo de Bens de Interese Cultural da Domus do Mitreo está condicionado á aceptación por parte do prestatario das condicións que figuran neste documento, cuxo orixinal, debidamente asinado, remitirase ao Museo en proba da súa aceptación.

A petición de bens realizarase por escrito, mediante o envío dunha solicitude á Dirección do Museo. Na solicitude deberase incluír, como mínimo, a seguinte información:

- Relación de obxectos solicitados en préstamo, incluíndo, como mínimo, a identificación precisa dos mesmos e, sempre que sexa posible, número de inventario.
- Presentación do comisario da exposición e da entidade organizadora.
- Contido da exposición e proxecto expositivo.
- Datas da exposición e posibles itinerancias.
- Características das salas de exposición: condicións ambientais, medidas de seguridade, etc.

Requirirase un prazo mínimo de 6 meses de antelación desde que se reciba a solicitude de préstamo ata a data prevista para a saída das obras do Museo.

A Dirección do Museo, no seu caso, remitirá ao solicitante a documentación necesaria (solicitude de préstamo e anexos) para formalizar a petición de préstamo. Toda saída de Bens da Domus do Mitreo deberá ser previamente autorizada pola dirección do centro. En caso de ser necesario prorrogar o préstamo, solicitarase, coa suficiente antelación. Se a exposición celébrase no estranxeiro, será preceptiva a autorización de exportación temporal, conforme á normativa vixente. O prestador dirixirá a solicitude de exportación temporal ao organismo competente.

2 CONDICIÓN DAS SALAS DE EXPOSICIÓN

Nas salas de exposición non se permitirá fumar nin consumir alimentos ou bebidas. A entidade prestataria garantirá, vinte e catro horas ao día, que o espazo expositivo ofrezca as medidas de seguridade e conservación necesarias, desde o momento de recepción dos bens e ata a súa saída, conforme ás condicións seguintes:

³⁰ Adaptación do formulario oficial dos Museos Estatais do Ministerio de Cultura, España.

2.1. SEGURIDADE As salas de exposición deberán ter vixilancia e sistemas de alarma funcionando correctamente as vinte e catro horas do día. Os sistemas de seguridade estarán conectados cunha Central Receptora de Alarmas as vinte e catro horas do día, por dobre vía (RTC e GSM). Durante as horas de apertura ao público e tamén durante os períodos de montaxe e desmonte, as salas de exposición terán un número suficiente de persoal de vixilancia, a xuízo do Museo prestador, que deberá estar intercomunicado mediante radiotransmisores. As salas de exposición dispoñerán de sistemas de vixilancia mediante alarmas electrónicas e cámaras de circuíto pechado de televisión con gravación continua, sistemas de detección, alarma e extinción contra incendio apropiados á natureza dos bens expostos e sistemas de cerramento de seguridade de portas, xanelas e demais vans contra intrusión, sabotaxe... Se as medidas de seguridade das salas, unha vez estudadas pola Dirección do Museo, considéranse insuficientes, poderá pedirse aos prestatarios que modifiquen ou incrementen estas como condición indispensable para realizar o préstamo. Con carácter xeral, colocarase unha barreira protectora que impida ao público aproximarse excesivamente ás obras. O Museo prestador poderá solicitar aos organizadores informes diarios das roldas efectuadas polos vixiantes de seguridade.

2.2. CONDICIÓNS AMBIENTAIS

HUMIDADE RELATIVA. Salvo que se indiquen condicións específicas para determinadas pezas (véxase Anexo III), a humidade relativa das salas de exposición situarase nun punto constante dentro da marxe do 40 ao 55%, con fluctuacións diarias máximas de +/- 3%.

TEMPERATURA. Salvo que se indiquen condicións específicas para determinadas pezas (véxase Anexo III), a temperatura das salas de exposición deberá manterse constante e situarse nun rango entre os 18 e 22º C, cunha fluctuación diaria que non exceda 1,5º C. Os organizadores remitirán ao Museo, sempre que sexa posible, as gráficas quincenais cos rexistros termohigrográficos.

ILUMINACIÓN. Os niveis de iluminación, sempre que non se especifiquen casos especiais, serán: Máximo 50 lux. Papel, pergamiño, téxtiles, arte plumario, fibras vexetais, coiro, madeira, marfil, óso, nácar e outros materiais orgánicos afíns. Máximo 200 lux. Pintura ao óleo e outros materiais non orgánicos policromados. Máximo 300 lux. Materiais inorgánicos como metais, cerámica, pedra ou metal sen policromar. En ningún caso chegará a luz solar directa sobre os bens. As fontes de luz solar ou fluorescente filtraranse cun absorbente ultravioleta, quedando así especificado pola entidade organizadora. O Museo poderá enviar un técnico para comprobar que as instalacións das salas cumpran con todos os requisitos anteriormente expostos, con carácter previo á aprobación do préstamo.



3. EMBALAXE E TRANSPORTE

A embalaxe e transporte dos bens serán confiados a unha empresa especializada neste tipo de traballos, cuxa designación será sometida polos organizadores á aprobación do Museo. O Museo poderá rexeitar a entrega dos bens se considera que o transporte non reúne as condicións de seguridade e conservación necesarias. As operacións de embalaxe e desembalaxe deberán ser presenciadas e conformadas polo persoal técnico do Museo ou por quen o Museo delegue. Calquera alteración das normas de transporte que se establezan poderá ocasionar a anulación do préstamo.

3.1. EMBALAXE O deseño da embalaxe será sometido á aprobación do Museo, antes da súa elección definitiva ou fabricación, a fin de que cumpra cos niveis de calidade esixidos polo Museo. As caixas de embalaxe serán metálicas ou de madeira resistente tratada con ignifugantes e antiparasitarios, dotadas de asas para a súa manipulación e listóns externos ou tacos para evitar que sexan arrastradas. Levarán sinaladas en lugar visible as frechas de posición vertical na que deben permanecer durante o almacenamento e transporte, así como as claves que se estimen convenientes para a correcta identificación de cada caixa e o seu contido. O sistema de peche será a parafuso ou con sistemas de ancoraxes, provistos ademais dun sistema de fechaduras ou cadeados para maior seguridade, dispostos de maneira que non entorpezan a manipulación. O interior das caixas levará illante térmico e de vibracións dependendo das características da peza.

No caso de caixas compartidas por varias pezas, cada unha dispoñerá da súa localización independente, coa súa silueta recortada de forma que a peza quede completamente inmovilizada, sinalando o lugar co número de inventario correspondente, salvo as excepcións que determine o Museo.

A manipulación das pezas realizarase con luvas adecuadas. Cada peza envolverase con papel neutro antes de ser acondicionada na caixa. Se fose necesario engadirase outro material para completar a inmovilización da peza. En todo caso, os materiais en contacto co obxecto terán un PH neutro. Só poderán re utilizarse envoltorios que se empregaron para o movemento dunha mesma peza que sexa obxecto destas condicións de préstamo e que manteñan as súas características e prestacións. O interior de cada caixa poderá levar adherido convenientemente, se o Museo estímalo necesario, un medidor de impacto, así como indicadores de humidade relativa/temperatura. No exterior da caixa sinalarase a presenza de devanditos medidores. Na desembalaxe controlarase o estado destes medidores de impacto, levantando acta no caso de que fose necesario. Antes de proceder á desembalaxe, as caixas permanecerán polo menos 24 horas no seu destino para dar tempo á aclimatación das pezas, sempre que estas requíranos. O Museo poderá reservarse a elección dalgunha outra característica especial da embalaxe, facéndoa constar nas condicións previas (véxase Anexo III).

3.2. TRANSPORTE. O transporte realizarase en condicións de máxima seguridade, nun vehículo protexido contra roubo. Se o transporte efectuácese por estrada, o vehículo estará dotado cun sistema de suspensión pneumática, carrocería blindada e con illamento térmico, sistemas de control de temperatura e humidade controlables desde a cabina, sistema de alarma e extinción de incendios e sistema de alarma contra intrusión. Os movementos das caixas realizaranse sempre sobre plataformas ou carros con rodas de goma ou similar, evitando golpes e vibracións. Cando o Museo considéreo necesario, debido ao valor das pezas e outras circunstancias especiais, requirirá a cobertura de seguridade apropiada, ao longo do traslado, a cargo da entidade organizadora. A empresa de transporte comunicará ao Museo, cunha antelación mínima de tres días, a programación de recollida e entrega das pezas.

4. SEGUROS A entidade prestataria contratará unha póliza de seguro que deberá ser a todo risco e "cravo a cravo", desde o momento da saída dos bens do Museo ata o seu regreso, incluíndo tanto o transporte das obras como a súa estancia na exposición, e na que se especifique o valor individual de cada peza. No caso de exposicións itinerantes deberá ser unha única póliza a que cubra todos os transportes e estancias nas distintas sedes. Con todo, o Museo resérvase o dereito de asegurar en por si as obras e cargar aos prestatarios o custo de devandito seguro. A póliza, e así debe reflectirse expresamente no correspondente certificado de seguro, incluírá as cláusulas seguintes: Cargo por depreciación e/o demérito artístico e danos por feitos malintencionados.

O orixinal do certificado do seguro e as condicións específicas da póliza deberán estar en poder do Museo como mínimo tres días antes da saída das pezas.

5. CORREOS

O Museo poderá designar o correo ou correos que estime necesarios segundo o número ou a importancia das obras. O labor do correo será a de supervisar todos os movementos e manipulacións a que se sometan as pezas derivados da súa embalaxe/desembalaxe e montaxe/desmote. O correo é o representante oficial do Museo e ten autoridade para retirar a peza prestada en calquera momento cando considere que non se cumpriron as condicións de seguridade, conservación ou exposición esixidas polo Museo. No caso de que o correo sexa persoal das Administracións Públicas, recoméndanse as seguintes condicións: O prestatario farase cargo de todos os gastos derivados dos desprazamentos dos correos (viaxes, aloxamento, manutención, desprazamentos durante a súa estancia derivados do seu traballo como correo...).

Os organizadores da exposición confirmarán, con polo menos 1 mes de antelación, o calendario de montaxe/desmote da mostra para a necesaria organización no Museo da asistencia do correo.

6. ENTREGA DOS BENS

A entrega dos bens acompañarase dunha acta de préstamo temporal e un informe individualizado sobre o seu estado de conservación. Tras a súa desembalaxe, por parte dos organizadores e do correo acompañante, comprobarase o estado da obra nese momento, facéndose constar na acta todas as observacións que se consideren útiles e asinándose por ambas as partes, quedando un dos exemplares en poder dos organizadores.

Unha vez entregados os bens, estes só poderán ser manipulados polo persoal cualificado co que contén os organizadores e sempre en presenza do correo. Os bens quedarán definitivamente instalados antes da retirada do correo. Os organizadores tampouco poderán limpar, retocar, vernizar ou manipular, en ningún sentido, os bens prestados polo Museo. En caso dunha emerxencia que aconsellase unha intervención inmediata para protexer a obra de maiores danos, os organizadores adoptarán aquelas medidas que estimen prudentes e necesarias para deter ou minorar o dano, informando diso, no máis breve prazo posible, á Dirección do Museo. No caso de que fose necesario o desprazamento dun representante do Museo, os gastos ocasionados por tal desprazamento serán por conta dos organizadores. Os bens prestados tampouco poderán ser sometidos a ningún tipo de exame técnico ou científico, salvo que os organizadores solicitarono e obtivesen de forma expresa a autorización do Museo para levalo a cabo.

7. REPRODUCCIÓNS

Na obtención de fotografías dos bens para a difusión, o prestatario aterase ás condicións impostas polo Museo, especialmente no referido a prazos de solicitude e autoría das fotografías. Os bens cedidos non poderán ser reproducidos por medios mecánicos, electrónicos ou de calquera outra índole, sen a autorización expresa do Museo. O prestatario poderá fotografar estas pezas unicamente para control interno. En todo caso, o prestatario non poderá reproducir os bens en ningún medio, con fins comerciais, sen a autorización por escrito do Museo.

8. CATÁLOGOS Os organizadores remitirán ao Museo o número de catálogos que a Dirección do Museo estime conveniente e que se detalla a continuación, así como



daquelas publicacións realizadas en calquera soporte con motivo da exposición, nas que aparezan as pezas prestadas polo Museo.

Nº de catálogos e/o outras publicacións que recibirá o Museo:

9. LIÑA DE CRÉDITO A información sobre as pezas realizarase de acordo con os datos proporcionados polo Museo e deberá incluír sempre a seguinte liña de crédito:

.....
..... *Domus do Mitreo*, Lugo.....

10. DEVOLUCIÓN DOS BENS Os bens entregaranse ao Museo ao finalizar o período de vixencia do préstamo. As operacións de embalaxe levarán a cabo en presenza dos correos enviados polo Museo. Utilizaranse os mesmos embalaxes empregadas para a súa entrega, que a este fin serían conservados polos organizadores. Procederase á firma da acta de devolución, onde se farán constar as eventuais variacións que se produciron no estado dos bens desde a súa entrega e sen que iso supoña que o Museo renuncia ás reclamacións a que no seu caso houber lugar se estes sufrisen algún dano no traxecto de regreso. Os prestatarios farán o posible para que o despacho de aduanas realícese nos propios locais da exposición e aseguraranse de que os bens non sexan desembalados en ningún punto do traxecto de regreso para a súa inspección polos axentes de aduanas.

11. GASTOS. O prestatario farase cargo de todos os gastos orixinados polo préstamo dos bens, nos que se comprenden, ademais de todos os citados nos puntos anteriores, os que poidan derivarse dunha correcta exhibición dos bens no transcurso da exposición.

12. ANULACIÓN. O incumprimento destas condicións ocasionará a anulación do préstamo.

A DIRECCIÓN DO MUSEO

O ORGANIZADOR

